O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Rede Eléctrica de España completou o proceso de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade a través de poxas competitivas coa asignación dun total de 25 bloques de 40 megawatts (MW) e de 320 bloques de 5 MW, o que se traduce nunha potencia interrompible para o período do 1 de xuño ao 31 de decembro do 2018 de 2.600 MW.

Tras esta adxudicación, algunhas fontes sinalan que a retribución que recibirá o conxunto das empresas electro-intensivas en España en todo o 2018 non superará os 315 millóns de euros, é dicir, un 40% menos dos 525 millóns que recibiron o ano pasado.

Nos Orzamentos Xerais do Estado para o 2017 contemplábase un crédito de 131 millóns de euros para compensar a determinados sectores industriais dos gastos que soportan na factura eléctrica correspondentes á promoción das enerxías renovables.

Así mesmo, elaborouse un proxecto de regulamento para facer efectivas estas axudas, que está á espera da aprobación da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea e do que non se ten información por parte do Goberno Central.

Nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018, na súa disposición adicional centésima cuadraxésima quinta, contéplase un sistema de axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, consignándose 150 millóns de euros con cargo aos recursos da Secretaría de Estado de Enerxía para o financiamento do devandito sistema de axudas.

Ante esta situación, a industria electro-intensiva solicita medidas urxentes para poñer en marcha o mecanismo de compensación e así poder alcanzar as mesmas condicións competitivas que os seus principais competidores europeos.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado:

1. Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros.
2. Que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados pola industrias electro-intensivas.
3. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas”.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/09/2018 10:07:48

Marta Novoa Iglesias na data 18/09/2018 10:07:56

Maria Antón Vilasánchez na data 18/09/2018 10:08:03

Moisés Blanco Paradelo na data 18/09/2018 10:08:09

Moisés Rodríguez Pérez na data 18/09/2018 10:08:17

Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/09/2018 10:08:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/09/2018 10:08:32

Sandra Vázquez Dominguez na data 18/09/2018 10:08:40



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alberto Núñez Feijóo prometeu, no discurso de investidura da Xª Lexislatura, a realización de residencias de maiores nas sete cidades.

En febreiro de 2017, o propio Presidente anuncia como “obxectivo de lexislatura” por parte da Xunta a construción de sete residencias de maiores públicas nas sete cidades galegas, cun total de 900 prazas, indicando que suporán uns 47 millóns de euros de investimento, no marco do chamado “Plan Coma na Casa”.

Nos Orzamentos da Xunta para 2018 o “Plan Coma na Casa” unicamente contou con 700.000 €, apenas o 1,5 % do total do proxecto. Asemade, para 2019 só se prevén 8 millóns de euros.

En setembro de 2018 ningún dos proxectos está en marcha e só está asinado o convenio de colaboración entre Xunta e Concello de Santiago para a residencia de Fontiñas.

No que ten que ver coa cidade de Lugo, Feijóo anunciou que a futura residencia tería 120 prazas e 75 postos de traballo, cun investimento de 6 millóns de euros, estando, en principio, por decidir se se faría na parcela Montirón ou no barrio da Residencia. Finalmente, o mércores 19 de xullo de 2017 asinouse o convenio de cesión dos terreos do antigo Hospital Xeral a Xunta e esta presentou un proxecto



de 21 millóns de euros para a dinamización do barrio da Residencia, incluíndo neste a residencia de maiores de 120 prazas para Lugo.

Para poder acometer este proxecto era preciso modificar os acordos previos entre Xunta e Estado polos cales o edificio do hospital quedara adscrito ao Sergas, aínda sendo da Seguridade Social, e segundo os cales a Xunta tería que facer una retrocesión patrimonial a prol do Estado de querer instalar no recinto equipamentos públicos non sanitarios, para que o Estado os volvece ceder para novos usos.

O inicio destes trámites comezou o 19 de xullo, sendo o 25 de xaneiro de 2018 autorizada a retrocesión do Pavillón Xeral por parte do Consello da Xunta e o 8 de marzo o Pavillón Administrativo. O 2 de maio deste ano a Consellería de Facenda formalizou un contrato cun estudio de arquitectura para a redacción dun proxecto básico para execución das obras de rehabilitación da nova oficina de emprego.

Pese a estes trámites, o 31 de maio de 2018 o Consello da Xunta acordou deixar sen efecto os acordos do 25 de xaneiro e do 8 de marzo, acordo que non foi divulgado. Alegou posteriormente a Xunta que isto se fixo a instancias do Goberno central para, supostamente, realizar máis adiante unha retrocesión global do complexo.

Con esta decisión da Xunta non se pode seguir adiante coas partes do proxecto que impliquen un uso non sanitario, como é o caso da residencia de maiores.

As prazas públicas en residencias de maiores nas sete cidades galegas son manifestamente insuficientes e as perspectivas demográficas farán que a demanda deste tipo de servizo aumente.

No Concello de Lugo só hai dúas residencias públicas de maiores – A Milagrosa e As Gándaras – con 272 prazas en total. En total, tendo en conta as prazas



públicas, concertadas e privadas, no Concello de Lugo hai 795 prazas en residencias de maiores, a maioría en centros privados.

En 2017, a poboación de Lugo maior de 65 anos eran 20.584 persoas. De seguir as rateos recomendadas pola OMS (5 de prazas en residencias por cada 100 persoas maiores de 65 anos), no Concello de Lugo debería haber 1.030 prazas en residencias de maiores, fronte á taxa de cobertura de 3,8% que hai actualmente. Asemade, as prazas da capital serían demandadas por persoas da contorna cuxa familia viva en Lugo cidade.

O proxecto de revitalización do barrio da Residencia é fundamental para recuperar a vida deste barrio degradado dende 2011 e para dotar Lugo de servizos sociosanitarios básicos dos que ten un grave déficit, dende escolas infantís a prazas públicas de residencia de maiores, así como infraestruturas sanitarias.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a impulsar, sen demora, a residencia de maiores no barrio da Residencia de Lugo, con 120 prazas públicas, para tela en funcionamento antes de remate da Xª Lexislatura.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2018 17:44:39

Luis Villares Naveira na data 18/09/2018 17:44:47

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A concepción da Atención Primaria como porta de entrada do Sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha Atención Primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o Sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15 % facultativos de Atención Primaria dos que

Grupo Parlamentario

se producen en Galicia, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros sen atención porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou pola saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención Primaria na nosa comunidade autónoma, sobre todo nos concellos do rural, a través da non substitución de baixas por enfermidade, ou a amortización de prazas.

Na provincia de Ourense son moitos os exemplos desta vontade recortadora en materia sanitaria do Goberno galego, ao que segundo as informacións que dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos recentemente, teremos que engadir un novo no centro de saúde de Rubiá. Neste centro traballaban ata o de agora dous médicos, trala xubilación dun deles no mes de agosto, a Xunta de Galicia decidiu que a partires dese momento soamente preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustificado número de citas, extracción para analíticas, urxencias en horario de mañá, e atención domiciliaria nun concello cunha elevada dispersión da poboación que segundo datos do IGE do ano 2017 contaba con 1.462 habitantes, o 41 % dos cales teñen máis de 65 anos.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter a calidade no servizo que se presta no Centro de Saúde de Rubiá (Ourense), garantindo a permanencia das dúas prazas de médicos.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2018 17:51:58

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2018 17:52:04

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2018 17:52:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2018 17:52:13

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Parlamento de Galicia ten debatido e aprobado, en distintas ocasións, a necesidade de establecer distintas medidas que minimizasen, paliasen e compensasen os inconvenientes que sofren os veciños de Chapela, derivados da execución das obras de ampliación da AP-9 ao seu paso por esta poboación, radicada no Concello de Redondela.

A pesares de que o Goberno presidido por Don José Luis Rodríguez Zapatero, e cuxo ministro de Fomento era Don José Blanco, aprobou o Real Decreto 1733/2011, polo que se aprobaba o convenio de execución da ampliación da capacidade da AP-9, sen contemplar ningunha medida compensatoria ou correctora, a posterior actuación do Concello de Redondela en defensa dos intereses dos seus veciños, conseguiu reverter esa situación, acadando o compromiso da concesionaria respecto á execución de distintas actuacións compensatorias.

A execución material destas actuacións precisa dunha tramitación previa, realizada na súa totalidade durante o Goberno de Mariano Rajoy, que finalizaba co informe do Consello de Estado sobre a addenda que contén as obras concertadas polo Concello de Redondela e Audasa. Unha vez completado ese último trámite, o pasado 27 de maio, solo restaba a aprobación da devandita addenda en Consello de Ministros.

Desgraciadamente para os veciños de Chapela, a moción de censura ao Presidente Rajoy, votada o pasado 1 de xuño, impediu que o anterior Goberno de España sometese á consideración do Consello de Ministros esta cuestión, e o novo Executivo presidido por Don Pedro Sánchez, aínda non atopou ocasión para completar este trámite, imprescindible para que se poidan concretar estas actuacións, de grande importancia para os veciños de Chapela.

Por todo elo o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a inmediata aprobación das medidas previstas para Chapela en compensación polos prexuízos ocasionados polas obras da ampliación da AP-9”.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/09/2018 18:38:30

Alberto Pazos Couñago na data 18/09/2018 18:38:34

Teresa Egerique Mosquera na data 18/09/2018 18:38:47

María Ángeles García Míguez na data 18/09/2018 18:38:56

Martín Fernández Prado na data 18/09/2018 18:39:05

Jaime Castiñeira Broz na data 18/09/2018 18:39:17

Jacobo Moreira Ferro na data 18/09/2018 18:39:26

Marta Novoa Iglesias na data 18/09/2018 18:39:45

María Julia Rodríguez Barreira na data 18/09/2018 18:39:52

Gonzalo Trenor López na data 18/09/2018 18:40:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/09/2018 18:40:09

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020, EDUlingüe, naceu co obxectivo claro de dar un novo impulso, tanto cualitativo coma cuantitativo ao modelo plurilingüe no ensino, reforzando deste xeito a aposta decidida do goberno da Xunta de Galicia pola introdución do plurilingüismo no sistema educativo galego.

Esta estratexia pretende garantir unha aprendizaxe integral dunha primeira lingua estranxeira (nomeadamente o inglés) dende que o alumno entra na escola ata que remata a universidade. Isto faise posible porque o plurilingüismo amplíase a todas as etapas educativas, o que favorece un dominio completo da lingua estranxeira cursada.

Dentro do marco que proporciona a estratexia galega de linguas estranxeiras, o goberno galego ten actuado nos catro eixos fundamentais de actuación sobre os que se sustenta a estratexia, a saber, os centros educativos, o alumnado, o profesorado e as familias.

Unha peza de vital importancia para o éxito da estratexia galega de linguas estranxeiras é unha adecuada dotación de auxiliares de conversa ata o punto de que a presenza de persoas nativas de apoio á aprendizaxe de linguas estranxeiras chegue á totalidade dos centros educativos do ensino obrigatorio e dos centros de FP con proxecto plurilingüe. Neste contexto, existe unha importante demanda de auxiliares de conversa por parte dos centros educativos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite do Ministerio de Educación e FP que incremente a dotación de auxiliares de conversa para que Galicia poida seguir implantando a bo ritmo a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020-Edulingüe, reforzando as ensinanzas nas seccións bilingües e os centros plurilingües”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 09:31:48

César Manuel Fernández Gil na data 19/09/2018 09:31:57

Maria Antón Vilasánchez na data 19/09/2018 09:32:00

Teresa Egerique Mosquera na data 19/09/2018 09:32:06

Carlos Gómez Salgado na data 19/09/2018 09:32:16

María Isabel Novo Fariña na data 19/09/2018 09:32:25

Antonio Mouriño Villar na data 19/09/2018 09:32:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2018 09:32:39

Martín Fernández Prado na data 19/09/2018 09:32:42

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Hai oito anos que o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo, prometeu publicamente dotar ao novo Hospital Universitario Lucus Augusti do Servizo de Hemodinámica 24 horas, pero nunca cumpriu coa súa palabra.

Os lucenses tivemos este servizo durante tempo operativo tan só en horario de oficina. Foi ampliado recentemente ás tardes, pero os enfermos que necesitan unha angioplastia fóra destas horas de 8:00 a 22:00, teñen que ser trasladados a outro centro sanitario cos riscos que iso produce.

A cidadanía lucense ten protestado claramente por esta situación e mesmo neste Parlamento foi admitida a trámite unha iniciativa lexislativa popular (ILP) firmada por máis de 41.000 cidadáns na que se solicitaba, entre outros, este servizo de hemodinámica 24 horas, aínda que esta ILP foi cambiada polos votos do Partido Popular no que foi unha auténtica burla á cidadanía impropia dun goberno democrático.

Pero a pesar de todos os atrancos postos polo goberno do Sr. Feijoo, os lucenses seguen a defender a necesidade de ter este servizo de hemodinámica no HULA porque todas as opinións dos especialistas e os datos clínicos e estatísticos o avalan dende hai moito tempo.

Recentemente, o xefe de Cardiología do HULA volveu a manifestar publicamente a necesidade de contar con este servizo aberto ás 24 horas, afirmando que o nivel de traballo que teñen coa ampliación ata ás dez da noite, demostra que o número de casos permite manter o nivel de atención da sala. Afirmou tamén que nestes momentos, á sala de hemodinámica atende tan só arredor dos dous terzos dos pacientes de cardiopatías da provincia, deixando fóra en torno a 550 enfermos ao ano. Enfermos que, como indican todas as estatísticas, teñen menos posibilidades de curación ao recibir o

Grupo Parlamentario

tratamento necesario con retraso, como poñen de manifesto os datos coñecidos do Rexistro Galego do infarto agudo de miocardio.

En efecto, os datos deste Rexistro indican que os doentes lucenses tardan 192 minutos, máis de tres horas, dende que se poñen en contacto cos servizos sanitarios ata que se produce a apertura da arteria. Isto significa que os lucenses tarda 82 minutos máis que os composteláns, 58 minutos máis que os coruñeses e 41 máis que os cidadáns de Pontevedra en recibir o tratamento necesario.

Estas diferencias non son baladíes porque toda a literatura especializada afirma que o elemento fundamental para salvar a vida fronte a un infarto e para non ter secuelas graves, é recibir unha angioplastia primaria nun tempo máximo de 120 minutos, pero os lucenses tardan unha hora e vinte minutos máis do límite para recibir este tratamento. E isto explica tamén que na provincia de Lugo a mortalidade por infarto sexa máis elevada que nas provincias de Coruña e Pontevedra.

Para os socialistas é claro que os lucenses non son tratados con equidade nin con igualdade pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. É absolutamente necesario que o presidente da Xunta cumpra dunha vez a súa promesa e poña en marcha o Servizo de Hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar, antes de final deste ano 2018, o horario do servizo de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti ata as 24 horas para garantir a igualdade e a equidade de todos os cidadáns no acceso aos servizos sanitarios.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2018 10:30:29

 Grupo Parlamentario

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2018 10:30:38

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2018 10:30:47

Patricia Otero Rodríguez na data 19/09/2018 10:30:57

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2018 10:31:08

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2018 10:31:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A evidencia científica demostrou a importancia dos estilos de vida na saúde da poboación e confirmou que o contexto social onde desenvolven a súa vida desempeña un papel fundamental na etioloxía e evolución de calquera enfermidade, entendendo como determinantes sociais da saúde as circunstancias en que as persoas nacen, desenvólvense, envellecen e morren, así como os sistemas establecidos para combater a enfermidade, o que a súa vez depende dun marco máis amplo de políticas económicas e sociais.

De feito, cando un sistema sanitario pon a énfase na asistencia clínica, deixando de lado a atención social, os problemas de saúde non se resolven completamente e córrese o risco de que os recursos sanitarios se utilicen de xeito inadecuado.

Nos últimos anos, todas as comunidades autónomas estruturan a organización e funcionamento do Traballo Social Sanitario en Atención Primaria de Saúde e no sistema de saúde, recollendo que o Traballo Social indaga nos factores sociais ou determinantes que inflúen na saúde das persoas, grupos e comunidades.

O traballo social en saúde pódense definir como unha técnica de intervención dentro do campo da saúde e o ámbito social, que promove o desenvolvemento das habilidades das persoas e actúa sobre a contorna para incidir nos factores que se relacionan con estilos de vida como profesionais inmersos no sistema sanitario. Os e as que participan desta tarefa (asistencial e preventiva), ocúpanse dos aspectos psicosociais do individuo, a través do estudo, diagnóstico e tratamento dos factores sociais que concorren no mantemento da saúde e na

Grupo Parlamentario

aparición da enfermidade das persoas, os grupos e as comunidades, colaborando en potenciar o carácter social da medicina. No plano individual e familiar achegan alternativas ou solucións ás dificultades/problemas sociais que sofren coa aparición e o desenvolvemento da enfermidade, co obxectivo de evitar os desaxustes sociofamiliares que se producen como consecuencia da perda de saúde, establecendo un sistema de participación dos pacientes e/ou familiares na atención individual e a toma de decisións terapéuticas.

A pesar de que no ámbito sanitario, os e as traballadoras sociais forman parte do sistema sanitario e son o punto de unión entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais, non se lles deu a relevancia que merecen, tendo en conta o déficit de persoal na sanidade pública galega destes profesionais, tanto en a Atención Primaria como na Atención Especializada.

Os e as traballadoras sociais son profesionais idóneos para saber en cada caso e en cada situación cales son os elementos que deben poñerse en xogo para devolver ao individuo ou á comunidade a situacións máis normalizadas, ademais de estar academicamente preparados para abordar, atender e poñer en marcha os mecanismos de resolución dos aspectos sociais que inciden no marco da saúde persoal, familiar, grupal e comunitaria.

Ademais en Galicia, onde no 60 % dos municipios a idade media supera os cincuenta anos (tres anos máis que España e case sete máis que na UE), o papel destes profesionais na atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores é prioritario, para garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

O Servizo Galego de Saúde carece do número suficiente destes profesionais para que poidan prestar os seus servizos en cada un dos Equipos Básicos de Saúde de Atención Primaria, debendo compartir distintas áreas e formar parte de varias equipas, o que supón, entre outras accións, que non poidan levar a cabo os estudos necesarios dos factores de risco e protección relacionados coa saúde dos individuos e

 Grupo Parlamentario

as familias, nin planificar intervencións, así como non poder avaliar e manter programas integrais de intervención en saúde comunitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante a X lexislatura o número de traballadores e traballadoras Sociais do Servizo Galego de Saúde, para que de maneira paulatina se incorporen en cada un dos Equipos Básicos de Saúde de Atención Primaria, garantindo a súa adscrición e a prestación de servizos nun só equipo de saúde, para así levar a cabo unha atención de calidade para todos aqueles pacientes que precisen estes servizos.
2. Realizar a incorporacións de traballadores e traballadoras sociais a través da oferta pública de emprego que responda as necesidades reais, e na que participen na súa elaboración os profesionais, tendo reflexo en cada un dos futuros orzamentos da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2018 17:46:12

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2018 17:46:18



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2018 17:46:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 11:33
Nº Rexistro: 37065
Data envío: 19/09/2018 11:33:13.887

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para solicitar a adhesión de Galiza, en calidade de observadora asociada, á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2014 Galiza ten avanzado no aproveitamento dos vínculos culturais e lingüísticos que unen, o noso país coa Lusofonía após aprobar a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía, coñecida popularmente como Lei Paz-Andrade.

Non esta foi a primeira ocasión na que o Parlamento de Galiza aprobaba unha iniciativa semellante. Xa en 1983 a Cámara acordou por unanimidade “solicitar do Goberno español, a celebración dun Tratado, establecendo relacións culturais entre Galiza e Portugal” fixando, asemade, que o noso país “estaría presente como tal no seo da Comisión do estado, que leva adiante as pertinentes negociacións”. Porén, malia o consenso xerado arredor da iniciativa impulsada polo deputado Camilo Nogueira Román, nunca se efectivizou.

O actual Estatuto en vigor, aprobado en 1981, recolle no seu artigo 35.3 a posibilidade de que Galiza estableza “tratados ou convenios que permitan o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 11:33
Nº Rexistro: 37065
Data envío: 19/09/2018 11:33:13.887

estabelecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais e lingüísticos”. É evidente que, sen os citar, este precepto estatutario refírese aos estados que, comezando por Portugal, posúen trazos históricos, culturais, mais por enriba de todo, lingüísticos que os permiten identificar e asociar ao noso país.

Así o reconece a propia Lei Paz-Andrade na súa exposición de motivos cando di: “a lingua propia da Galiza, polo feito de ser intercomprensíbel co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural mais tamén na económica.

Esas vantaxes e portencialidades que o galego nos brinda na proxección internacional do noso pobo e do noso país, materialízanse na oportunidade de nos relacionar cos países que compoñen a Lusofonía e, nomeadamente, coa Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

Este organismo, fundado en 1996, abrangue na actualidade máis de 200 millóns de habitantes espallados polos catro continentes. Desde o Brasil a São Tomé e Príncipe. Porén, a CPLP non está conformada apenas por países con lingua oficial portuguesa. Existe nos seus estatutos a figura de observador na que se inclúen aquelas “entidades territoriais dotadas de órganos de administración autónomos”. Neste senso, nada impide que Galiza poida acceder á CPLP.

O ingreso do noso país neste organismo non é apenas un desexo expresado e defendido polo Bloque Nacionalista Galego en diversas ocasións, senón tamén unha vontade das entidades promotoras da ILP Paz Andrade que permitiría o relacionamento directo de Galiza con algunhas das economías máis puxantes, abriría espazos de cooperación político-diplomática, comerciais-económicos, culturais-lingüísticos, de comunicación social, deporte, ciencia e tecnoloxía e un longo etcétera.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 11:33
Nº Rexistro: 37065
Data envío: 19/09/2018 11:33:13.887

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a desenvolver as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro Observador con categoría de asociado na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP).”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 11:33
Nº Rexistro: 37065
Data envío: 19/09/2018 11:33:13.887

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2018 11:24:35

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2018 11:24:42

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2018 11:24:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2018 11:24:44

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2018 11:24:46

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2018 11:24:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Após unha catástrofe como a de Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

Nesta desgraza, como foi a da explosión dunha pirotecnia ilegal, as persoas afectadas sufriron cuantiosos danos materiais, entre eles os seus bens inmoables e mobles, casas e coches, motos, etc.

A Xunta de Galicia no Decreto 55/2018 non recolle ningunha axuda específica para a reposición nin valoración dos vehículos afectados durante a explosión, inda que si que recolle que as axudas previstas no decreto se aplicarán á



reparación dos danos orixinados pola mesma no ámbito territorial do concello de Tui.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Peritar os vehículos a motor danados ou destruídos conforme ao custo efectivo de reposición;
2. Aboar a diferenza entre o valor asumido polas aseguradoras dos vehículos e o valor efectivo de reposición;
3. Dirixirse ao Estado para acadar un reparto equitativo dos gastos derivados da asunción destes custos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 10:52:24

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 10:52:32

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 10:52:40



Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 10:52:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 10:52:50

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 10:52:53

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 10:52:57

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 10:53:00

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 10:53:07

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 10:53:11

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 10:53:15

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 10:53:18

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 10:53:22

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 10:53:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

O prazo de solicitudes das axudas remata no mes de setembro e para axilizar todo o procedemento a Xunta de Galicia, nun proceso destas características, no que unha boa parte sufriu danos persoais e materiais, debería asumir a reconstrución do lugar nun contexto de axuda as persoas afectadas e axilización de todos os temas burocráticos e en coordinación coas outras administracións implicadas e coa colaboración de todos os axentes implicados.



A colaboración interadministrativa e a coordinación baixo un mando único de toda a reconstrución da zona arrasada é unha cuestión esencial que incide na axilización dos procedementos, con garantía de interese público e debido as circunstancias urxentes e excepcionais nas que se produciu a explosión desta pirotecnia ilegal.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1.- Instar, de xeito urxente, unha colaboración entre as CATRO administracións implicadas (autonómica, provincial, local e estatal) na consecución dunha reconstrución modélica da zona afectada pola explosión da pirotécnica.

2.- Colaborar e garantir, mediante a colaboración interadministrativa urxente, os seguintes obxectivos:

- a. Reurbanizar integralmente e mellorar a dotación dos servizos urbanísticos dos subministros de auga, sumidoiros, camiños públicos, alumeadado, sinalización, etc.
- b. Asesorar ambiental e urbanisticamente na reconstrución das vivendas e mellora da habitabilidade e eficiencia enerxética das mesmas.
- c. Garantir a intervención dos servizos sociais para solucionar os procesos de mobilidade, verificar o acollemento das persoas orfas e a súa situación, sempre baixo o principio de interese superior do menor, e a inclusión social da veciñanza con reparto e distribución das axudas equitativo.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 11:15:03

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 11:15:11

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 11:15:18

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 11:15:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 11:15:28

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 11:15:32

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 11:15:35

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 11:15:38

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 11:15:46

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 11:15:49

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 11:15:52

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 11:15:55

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 11:15:59

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 11:16:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

A xente de Paramos viu como as súas casas desaparecían nunha explosión que deixou a zona arrasada cualificada como unha zona similar á da guerra. As casas máis próximas desapareceron entre os cascallos, e outras xa máis lonxe quedaron inservibles e só cabe que a poboación agarde a demolición e desentullo para a reconstrución posterior.



A zona segue igual que o día do accidente, e o principal agora é desentullar. Estas labores que deberan estar xa en marcha estanse a demorar sendo inaceptable a lentitude das administracións implicadas, que non contan cun plan de reconstrución integral para Paramos. 30 persoas da veciñanza inda non puideron volver ás súas casas.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O parlamento de Galicia Insta a Xunta a:

1. O encargo das labores de desentullo á empresa pública TRAGSA coa maior axilidade que permita o ordenamento xurídico.
- 2.- A adxudicación da obra coas seguintes particularidades:
 - a. Rescate dos efectos persoais e con valor sentimental,
 - b. Garantir que ese rescate se produza nun contexto de seguridade e saúde no traballo e para as persoas afectadas,
 - c. Aproveitar na reconstrución os materiais nobres servíbles, tales como cachotes de pedra, vigas, e outros elementos que cumpran cos requisitos técnicos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 11:28:35

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 11:28:42

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 11:28:49

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 11:28:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 11:29:00

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 11:29:03

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 11:29:06

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 11:29:10

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 11:29:16

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 11:29:20

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 11:29:24

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 11:29:27

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 11:29:33

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 11:29:37



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Páramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

A xente de Páramos viu como as súas casas desaparecían nunha explosión que deixou a zona arrasada cualificada como unha zona similar á da guerra. As casas máis próximas desapareceron entre os cascallos e outras, xa máis lonxe, quedaron inservibles e só cabe que a poboación agarde a demolición e desentullo para a reconstrución posterior.



Tampouco considera a Xunta importante que os aforros de toda unha vida, invertidos nestas casas xa non se podan recuperar.

As propostas foron insuficientes para a reconstrución das casas, no concepto amplo das mesmas: casas, que non pisos, con terreos anexos, con alpendres, galpóns e outras construcións anexas desapareceron, deixando sen nada ás persoas titulares das mesmas.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/09/2018 12:32:16

Antón Sánchez García na data 20/09/2018 12:32:28

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 12:32:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37221
Data envío: 20/09/2018 13:36:22.526

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á protección da Serra do Galiñeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Serra do Galiñeiro esténdese dende o Macizo do Galiñeiro, entre os concellos de Vigo, Mos, O Porriño e Gondomar, seguindo unha dirección N-S cara ao Monte Aloia en Tui, con alturas que superan os 700 metros sobre o nivel do mar. Trátase dun macizo pétreo singular, de orixe granítico e orixinado polos intensos movementos continentais de hai 400 a 240 millóns de anos. Un verdadeiro paraíso rochoso e un emblema paisaxístico do Sur de Pontevedra, cunha silueta peculiar que o caracteriza, e que é visible desde moitos puntos da contorna a moitos quilómetros de distancia.

A cidadanía, amais de facer un uso responsábel da zona, entende e comparte a necesidade de conservación da Serra do Galiñeiro. Así, xa no ano 2010 multitude de colectivos sociais (veciñais, culturais, ecoloxistas, comunidades de montes, deportivos, etc.) adheríronse ao Manifesto pola defensa da Serra do Galiñeiro para preservar os seus valores paisaxísticos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais e ecolóxicos; opoñéndose expresamente ás explotacións industriais e non renovables, expresamente contra a construción do Parque Eólico, reclamando unha maior protección legal (dentro das categorías previstas na Lei de Conservación da Natureza) para este espazo, como pode ser a ampliación do Parque Natural do Monte Aloia a todo o cordal da Serra do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37221
Data envío: 20/09/2018 13:36:22.526

Galiñeiro. Medida esta que foi solicitada no seu momento pola Comunidade de Montes de Vincios e iniciado o seu estudo para tramitación no ano 2008, polo goberno da Xunta de Galiza.

Nesta mesma liña, os plenos municipais da maior parte dos concellos da bisbarra teñen aprobadas mocións en apoio da conservación e protección da Serra. Ademais, por parte do BNG presentamos en novembro de 2012 alegacións ante a xefatura territorial de Pontevedra da Consellaría de Economía e Industria contra da instalación dun parque eólico na Serra do Galiñeiro, así como esiximos mediante mocións nos concellos e iniciativas no Parlamento Galego, que se declarase área protexida e a súa incorporación ao Parque Natural do Aloia.

Con estes antecedentes é de lamentar que no mes de xullo deste ano, representantes dun grupo saudí (Alfanar Group) asociado coa empresa madrileña Capital Energy, mantiveran xuntanzas con algúns concellos da serra para ver de impulsar outra vez o proxecto do citado Parque Eólico.

Todo isto por mor dun Goberno da Xunta inoperante que non foi quen de dotar á Serra do Galiñeiro da protección legal demandada ao longo destes anos, a pesar que en 2013 anunciou a súa decisión de ampliar a súa protección como “espazo natural local” toda vez que descartaba a súa integración no Parque Natural do Monte Aloia, feito este que impediría o desenvolvemento de calquera proxecto deste tipo na serra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37221
Data envío: 20/09/2018 13:36:22.526

1.- Denegar a autorización administrativa de proxecto de execución de parque eólico e de declaración de utilidade pública, a fin preservar os valores e funcións económicas, ambientais e sociais da serra do Galiñeiro, por supoñer un impacto ambiental crítico sobre a paisaxe e o patrimonio natural e cultural deste ámbito, sendo totalmente contraditorio co establecido pola Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galiza e Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, Directiva Europea 92/43/CEE, Directiva Europea 79/409/CEE, Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de especies ameazadas e *Lei 7/2012 de montes de Galiza*.

2-Retomar a tramitación de área protexida para a Serra do Galiñeiro e a súa incorporación ao Parque Natural do Aloia.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37221
Data envío: 20/09/2018 13:36:22.526

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2018 12:16:37

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2018 12:16:42

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2018 12:16:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2018 12:16:46

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2018 12:16:47

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2018 12:16:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37227
Data envío: 20/09/2018 14:09:32.265

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, outros territorios do Estado establecéronse plans e medidas que permitiron avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37227
Data envío: 20/09/2018 14:09:32.265

Normalización do uso do galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios.

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado as función de dinamización e normalización.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a desenvolver un plan plurianual 2019-2022 de dinamización do uso do galego na administración da Xustiza que contemple obxectivos tanxíbeis e que teña como finalidade promover avances medíbeis nos seguintes ámbitos:

- Incremento do uso do galego tanto no ámbito oral como nas resolución, notificacións e en xeral nas comunicación escritas da administración de xustiza en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37227
Data envío: 20/09/2018 14:09:32.265

- Dotación de todas as ferramentas tecnolóxicas e programas informáticos de xestión que faciliten o uso do galego como lingua oficial.
- Desevolvemento dun programa de capacitación lingüística de todo o persoal que traballa na administración de xustiza en Galiza.
- Potenciación dos equipos lingüísticos co incremento de medios humanos e materiais, respecto dos dereitos laborais e salariais, e fomento da súa función dinamizadora do uso da lingua galega.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2018 14:03:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37227
Data envío: 20/09/2018 14:09:32.265

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2018 14:03:57

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2018 14:03:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2018 14:04:00

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2018 14:04:01

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2018 14:04:03



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Exposición de motivos

Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia fórmanse actrices, actores, escenógrafas/os, directoras/es de escena, dramaturgas/os e contribúe tamén á formación complementaria de traballadoras/es sociais e profesoras/es. Trátase dunha institución relevante para o ecosistema cultural e artístico de Galicia.

Por primeira vez na historia da ESADG desde a súa fundación en setembro de 2005, non comezaron o curso o 100% de profesorado e alumnado. Fixeron folga os días 17,18 e 19 de setembro.

O curso pasado, 2017/18, perderon 3 postos de profesoras/es. Este curso 2018/19, outros 3 postos de traballo. O 20% do claustro. Para este curso académico a dirección do centro reclamaba tres novas vacantes e a Consellería, tras o informe do funcionario da inspección educativa, non só non concedeu ningunha, senón que eliminou outras tres adxudicando só 34 interinidades, cando en 2014 chegou a contar con 42. Paradoxicamente esta decisión chegou nun momento no que, segundo os traballadores, se incrementou considerablemente o número de alumnado matriculado nos primeiros cursos.

A Comunidade educativa, profesorado e alumnado da ESADG, esixe:



- Non aos recortes reiterados de profesoras/es
- Equivalencia de condicións laborais acordes coa titulación (O Título Superior de Arte Dramática é equivalente ao Título Universitario de Grao)

A razón é que aínda que a ESADG expida un título equivalente ao Título Universitario de Grao, réxese pola normativa de Secundaria.

Nos estudos superiores, igual que na Universidade, as asignaturas organízanse por Créditos Académicos e dentro destes contémplanse as Titorías Docentes, imprescindibles para o desenvolvemento óptimo dos exercicios e traballos prácticos propios das artes escénicas. No réxime de Secundaria non existen as Titorías Docentes, entón ao aplicar esa norma sobran profesoras/es.

As Escolas Superiores de Arte Dramática, os Conservatorios Superiores de Música e os de Danza, funcionan cunhas titulacións equivalentes, para todos os efectos ao Título Universitario de Grao, pero cunhas condicións organizativas e laborais que se rexen pola normativa de Educación Secundaria.

Aínda que o nivel de esixencia sexa equivalente ao universitario, o alumnado e o profesorado de música e artes escénicas están dentro dun réxime que lles impide desenvolver plenamente os obxectivos e competencias que lles son propios.

Cando saen de España, a súa Titulación Superior pode ser ou non ser convalidada fóra, porque a equivalencia ao Título Universitario de Grao só se dá no noso territorio, segundo a lei vixente. Unha chapuza en toda regra que perpetúa a discriminación e a marxinación cara ás artes escénicas e musicais.

A normativa de Secundaria resulta, como é lóxico, moi deficiente para que funcionen ben os estudos superiores equivalentes ao Título Universitario de Grao.



O teatro, a danza e a música, que son unha parte moi substantiva da cultura dun país, necesitan que haxa equivalencia nas condicións organizativas e laborais acordos coa titulación superior que se imparte neste centro. Así de sinxelo.

Pérdense postos de traballo precisamente porque non se atende a esa necesaria equivalencia. Estes estudos teñen a condición de estudos técnicos superiores, equiparables legalmente aos graos e posgraos, pero non integrados no sistema universitario. Unha simple *equiparación* que en moitos asuntos (bolsas, Erasmus, acceso a outros programas de estudo, dereitos do profesorado...) introduce diferenzas fundamentais.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ten competencias para resolver este grave desequilibrio, que vai en detrimento de alumnado e profesorado. Unha Escola Superior de Arte Dramática que queira cumprir cos obxectivos que lle son propios e aumentar en calidade non pode funcionar ao pé da letra como un Instituto de Secundaria. Este alumnado xa fixo o Bachillerato!

O artigo 58.7, da LOMCE, determina que as administracións educativas poderán adscribir centros de ensinanza artística superior mediante convenio coas universidades.

Polo anterior, preséntanse ás seguintes preguntas para a súa resposta oral en

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Establecer as Equivalencia nas condicións organizativas e laborais acordos coa titulación superior que se imparte neste centro.
- Adxudicar as vacantes solicitadas.
- Adscribir á ESADG á Universidade.



Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2018 14:27:18

Luca Chao Pérez na data 20/09/2018 14:29:49

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 14:29:56

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é “*Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico*”, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establecéronse dez obxectivos medibles para a súa consecución, sendo o obxectivo 9º Implantar un paquete de medidas para acadar revitalizar demograficamente o noso territorio, achegándonos a 1,59 fillos por muller.

A propia Xunta de Galicia no Plan anual normativo presentado para este ano 2018 contempla a aprobación dun “Proxecto de lei de impulso demográfico” por parte da Consellería de Política Social.

Os últimos indicadores publicados polo Instituto Nacional de Estatística sobre natalidade e fecundidade para o ano 2017, colocan a Galicia nun -3,4 % na taxa anual de número de nacementos respecto do ano anterior, cunha taxa bruta de mortalidade dun 11,8 % (un incremento do 0,6 % respecto do ano anterior), e cun saldo vexetativo de -13.522 persoas, o que representa o peor dato de todas as CCAA.

Se miramos o indicador conxuntural de fecundidade o resultado tamén sitúa Galicia nun dos peores resultados, sendo a terceira empezando pola cola, cun 1,12 o número medio de fillos por muller.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1ª) Elabore un informe sobre os resultados acadados coa implantación do paquete de medidas para revitalizar demograficamente o noso territorio.

2ª) Incremente os fondos dedicados a fomento da empregabilidade.

4ª) Presente neste Parlamento, antes de que remate este ano, o proxecto de lei de impulso demográfico.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2018 17:33:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2018 17:33:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2018 17:33:21



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mércores 4 de xullo de 2018 Ourense en Común e PSdeG alertan de que Xunta quere converter a Casa da Xuventude nun centro de iniciativas empresariais. Levaron ao pleno municipal unha Moción conxunta para defender a súa identidade e autonomía.

A Moción presentada por PSdeG e Ourense en Común lembra que o Goberno de Jesús Vázquez "ten pendente dende hai tres anos dar cumprimento á Moción en defensa da Casa da Xuventude". En xullo de 2015 o pleno municipal de Ourense aprobou unha Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista para municipalizar a xestión do espazo e recuperar o Consello de Xestión como modelo de goberno do centro, unha Moción nunca aplicada polo Goberno municipal do PP.

Na mesma Moción salientase que *a súa disolución de facto supuxo **a fin dun sistema único e pioneiro en toda España**, a fin de décadas de historia e a fin da escola de prácticas para que a mocidade practicara labores directivas e de produción nas artes escénicas, deportivas, de ocio e tempo libre, etc. A **mudanza no modelo de xestión**, tornando a modelos máis verticais e menos participativos, provocaron a infrautilización dunhas instalacións noutrora cheas de vida.*



Dende os anos 70 a Casa da Xuventude "foi exemplo e símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación" e que "existen na cidade dependencias de titularidade autonómica que poderían prestar apoio e asistencia a emprendedores, sen modificar os usos da Casa da Xuventude nin frustrar a súa necesaria autonomía".

Quere desmantelar definitivamente o PP un símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación? Son xa varias xeracións de mozos e mozas ourensás as que pasaron pola Casa da Xuventude, un espazo no que se desenvolveron actividades de impacto en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove ou a Bienal de Caricatura.

Millán Brea quen presentou a súa tese de doutoramento centrada na Casa, salienta: "A Casa era un exercicio de liberdade, un fervedoiro de actividades, un espazo de socialización e de transformación social no día a día. Había moita política dentro, pero a política entendida como participación".

Tamén destaca: "A Casa da Xuventude está na base do que despois foi a Asociación Cultural Auriense, que a día de hoxe é un referente. Unha compañía de teatro da importancia de Sarabela tivo na Casa un grande apoio nos seus inicios. Manuel Precedo, hoxe presidente do Cineclube da cidade, tamén pasou pola Casa da Xuventude. Todo o mundo da banda deseñada en Ourense, David Rubín, o Outono Fotográfico..., a importancia da Casa da Xuventude é clara".

O 29 de xullo de 2018 anúnciase a desaparición do Outono Fotográfico, despois de 35 anos. Falamos do máis importante festival fotográfico de Galicia, un dos máis lonxevos da Península e o segundo de Europa, despois de Arles. A mostra creceu ano a ano e converteuse nun referente en toda Galicia, traspasando as fronteiras da cidade, con exposicións en 30 urbes e vilas de todo o país, e tamén



en Barcelona, Chaves ou Porto. A de 2010 foi a derradeira edición dirixida por Benito Losada, tomando o relevo nos anos seguintes Xosé Lois Vázquez ou Vítor Nieves

No ano 2014 botou a andar a Plataforma en Defensa da Casa da Xuventude de Ourense, formada por usuarios e usuarias a título individual, por representantes de colexios profesionais, colectivos ecoloxistas, sindicatos estudantís e por formacións políticas. Nacía para reivindicar o valor de varias décadas de bo funcionamento dunha entidade que dende os anos setenta foi un motor para a cultura e o asociacionismo xuvenil na cidade, ademais dun exemplo de co-xestión a cargo dos propios usuarios e usuarias. E tamén para denunciar a xestión desenvolvida polo Goberno galego.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Reactivar o Consello de Xestión,
- Resituar servizos que se instalaron no edificio, coma o *Punto de Encontro Familiar* que lle resta espazo ao centro xuvenil.
- Reducir a excesiva burocratización e precarización.
- Recuperar o espazo como referente estatal e modelo de co-xestión tendo en conta o legado de gran magnitude de Benito Losada.
- Convocar a todas as asociacións culturais e xuvenís que existen en Ourense, volver a abrírlles as portas a entidades que traballaron coa Casa durante moitos anos.
- Poñerlle o nome de Benito Losada ao espazo.



- E, sobre todo, recuperar a liberdade e a democracia que sempre definiron a este proxecto”.
- Favorecer o desenvolvemento cultural e social, mellorando as competencias de mozos e mozas en eidos que non se aprenden na escola con actividades como:
 - a) Xornadas de Banda Deseñada,
 - b) O Outono Fotográfico,
 - c) Maio Xove
 - c) A Bienal de Caricatura
 - d) Torneo internacional de xadrez
 - e) Desbloquear a actividade da Casa da Xuventude, hoxe chamada *Espazo Xove*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2018 18:20:17



Luca Chao Pérez na data 20/09/2018 18:20:25

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 18:22:22

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a** relativa ao aprazamento e medidas paliativas na tramitación do Bono Social Eléctrico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O remate inmediato o 10 de outubro do prazo para a tramitación do acceso ao novo bono social eléctrico, que se prepara como unha carreira de obstáculos para que a poboación máis vulnerable non poda de facto ocuparse de tramitalo a tempo e polo tanto o perderá, pode xerar unha situación de emerxencia en moitos fogares.

Os datos a poucas semanas de expirar o prazo de renovación son moi elocuentes, só o 10% das máis de 2,5 millóns de persoas que o teñen na actualidade conseguiron renovoalo.

En moitos casos a perda do Bono Social sumarase a suba da tarifa xeral o que pode supor unha trágica sorpresa para os fogares, e que se non se resolve de maneira urxente, levará a pobreza enerxética a centos de miles de fogares. Isto é intolerable e este Parlamento ten que poñerse en primeira liña para resolvelo se de verdade queremos defender a cidadanía de Galicia. Temos o inverno a volta da esquina por elo é moi urxente dar unha solución aínda que só sexa paliativa.

Socialmente, a situación é insostible; en Galicia hai 350 mil fogares en risco de pobreza enerxética e que deberían ser potencialmente beneficiarios do bono social eléctrico, se non damos facilidades a estas familias o 90% vai quedar



excluído da tarifa, como sucedía co extinguido Ticket eléctrico da Xunta de Galicia ao que só accedían 2.500 fogares ao ano.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar a prórroga do prazo de solicitude de traslado ao novo BSE en 12 meses.
- 2.- Durante este prazo de 12 meses realizar unha inversión da carga de proba na realización dos trámites para a obtención do BSE, e dar de baixa unicamente no antigo BSE ás persoas que accedían ao mesmo por ter unha potencia contratada de 3 kw ou menos e que por criterios de renda xa non terían dereito co actual. A Administración xa ten os datos fiscais dos cidadáns, polo que lle sería moi doado facer esta filtraxe.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha de inmediato unha campaña en medios de comunicación públicos e privados para informar das condicións do novo Bono Social e de como tramitalo, así como de accións directas en todas as comarcas de Galicia para axudar e tramitar as solicitudes dos posibles beneficiarios. A acción debería complementarse con asesoramento sobre as tarifas e potencias máis axeitadas para cada fogar, así como de medidas para baixar o consumo.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira



Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 13/09/2018 18:39:00

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 18:39:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do deputado **Luís Villares Naveira** e da deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, con o seu presidente á cabeza Alberto Núñez Feijóo e a ministra de emprego Fátima Báñez, asinaron o protocolo de cesión dos terreos nos que estaban enclavados o antigo Hospital Xeral de Lugo, na rúa Severo Ochoa s/n, entre eles dos dous edificios: pavillón xeral e escola universitaria de enfermería.

Este acordo implica que a cesión dos terreos nos que se atopan estes dous edificios pode destinarse a outro uso diferente do sanitario e permite a inversión para levar a cabo outras obras.

Nun acto celebrado ante os medios era o propio portavoz parlamentario Pedro Puy Fraga o que se achegaba a Lugo e adiantaba que o vello hospital xeral de Lugo, no barrio da residencia se construírían unha residencia para persoas maiores e unha comisaría da Policía Nacional, anticipando os proxectos do presidente Feijóo para Lugo no ano 2017, nun acto que hoxe cualificamos á vista dos feitos de lamentable e propagandístico.

No mes de xullo de 2017 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba que o goberno licitaría por 21 millóns de euros o proxecto básico e o proxecto de execución construtiva do centro integral de saúde, do centro público de innovación e da oficina de emprego que se situarían nas ruínas do hospital xeral



de Calde e acompañado de Fátima Báñez asinaba dito convenio para a cesión dos terreos do antigo Hospital xeral, no que se habilitarían instalacións enerxéticas, unha residencia para a terceira idade con cabida para 120 persoas usuarias e unha comisaría.

Todo isto semella unha burla á cidadanía de Lugo cando no acordo do consello da Xunta de 31 de maio de 2018 o vicepresidente e conselleiro de presidencia Alfonso Rueda Valenzuela certificaba na súa calidade de secretario, do contido de dito acordo, de deixar sen efecto os acordos de 25 de xaneiro e 8 de marzo de 2018 no que se autorizaba a retrocesión a favor da TXSS dos dous edificios, co visto e prace do presidente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a deixar sen efecto dito acordo do Consello da Xunta de 31 de maio de 2018 sobre os edificios pavillón xeral e escola universitaria de enfermería, no recinto do Hospital Xeral de Lugo para que sigan adiante os proxectos en marcha que suporán unha mellora na calidade de vida do barrio da residencia de Lugo.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 10:08:38

Paula Vázquez Verao na data 14/09/2018 10:08:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de anunciar que non se convocarán axudas para realizar accións preventivas polos danos do lobo neste ano 2018 a pesares do ascenso que se ten dado no número de animais mortos por este animal salvaxe. En dous anos a cifra duplicouse, tendo o ano 2017 o dobre de animais mortos polo lobo que o 2015, segundo datos da propia Consellería de Medio Ambiente.

Sen embargo, este aumento de ataques ocasionados polo lobo non se ten traducido en medidas concretas por parte da Xunta de Galicia. Se nos centramos no Plan de xestión do lobo, vemos que se establecen unha serie de accións e medidas preventivas para unha convivencia sostible entre a fauna salvaxe e a actividade agropecuaria. Non obstante, unicamente estanse a realizar os pagos por danos directos, deixando en evidencia a falta de planificación e de xestión da Administración autonómica galega.

A devandita falta de planificación da Xunta de Galicia viuse reflectida, tamén, os anos anteriores co tempo e forma das axudas outorgadas para a implantación das medidas preventivas fronte os ataques á gandería. A única posibilidade de acceder ás axudas eran 6 días reais (descontando xa festivos e fins de semana) nas que os/as solicitantes tiñan que realizar todos os trámites necesarios para a adquisición de cans protectores. Un tempo realmente insuficiente.

 Grupo Parlamentario

Está situación, agravada polo retraso nos pagos das indemnizacións por danos ocasionados ao gando, o único que fai é perpetuar a problemática e xerar unha desafección por parte do sector agropecuario ante a fauna salvaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Crear partidas orzamentarias concretas de axudas co fin de prever os danos ocasionados polo lobo (con investimento suficiente e prazos reais e asumibles) como son a adquisicións de mastíns, peches fixos con malla e os electrificados, entre outros.
- 2) Aumentar o investimento en partidas específicas para a divulgación, o asesoramento e a investigación relacionada co lobo.
- 3) Incluír na redacción e elaboración da Orde de prevención dos danos ocasionados polo lobo do ano 2019 ao sector afectado a través dos diferentes actores máis representativos, tanto ao sector agrogandeiro como ás entidades que promoven unha convivencia entre a fauna salvaxe e a actividade humana.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

José Manuel Pérez Seco

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 14/09/2018 10:55:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/09/2018 10:55:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/09/2018 10:55:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 10:55:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 11:21
Nº Rexistro: 36824
Data envío: 14/09/2018 11:21:19.269

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Poida que este ano 2018 sexa un dos mellores da década no tocante a colleita de millo, tanto de forraxe coma de espiga. Poida que sexa tamén o ano desta década en que máis estragos ten no seu haber o porco bravo.

As queixas e o descontento dos gandeiros e dos agricultores, grandes e pequenos, son xerais. En parcelas extensas ou naqueles pequenos leiros para coller un pouco gran para as galiñas e porcos en réxime de autoconsumo; tanto ten, millo, patacas, cebolas...

Tanto ten, o xabaril non fai distincións e os danos están aí. Os feitos na altura de sementa-la colleita, no desenvolvemento da mesma e principalmente agora na altura da súa madurez.

Os danos económicos que a súa acción ocasiona na poboación agrogandeira son cuantiosos. O millo forraxeiro é esencial para rebaixar custes na produción de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 11:21
Nº Rexistro: 36824
Data envío: 14/09/2018 11:21:19.269

leite, e os danos esténdense tamén ás praderías para pasto ou silo. Mesmo tamén nas plantacións de eucaliptos noviños.

Pero desde o ano 2016 non hai axudas para palia-los danos, a poboación medra, as batidas tamén e isto semella un disparate porque a poboación crece paralelamente ó número de batidas e a Consellería permanece de brazos cruzados sen que haxa, que nós saibamos, ningún plan serio que se estea aplicando a respecto do control poboacional a excepción da autorización indiscriminada de batidas e dos lazos e venenos clandestinos.

A sucesivas demandas de axudas feitas por este grupo parlamentario respondéusenos que en 2016 o número de reclamacións fora moi pouco relevante coma pra sacalas novamente. O que non tivo en conta a Consellería é que a tardanza no abono de danos en campañas anteriores e a falta de difusión fixeron que a xente non tomase en serio a liña de axudas e o desespero dos labregos e labregas chega ó seu máximo cando operador de contacto é unha máquina impersoal que obriga a manipular un aparato que non responde ó xeito.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- Habilitar de xeito urxente un fondo de danos e unha liña de axudas de compensación que cubra os derrames ocasionados polo porco bravo, incluídas as perdas de colleitas e a rehabilitación das zonas afectadas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 11:21
Nº Rexistro: 36824
Data envío: 14/09/2018 11:21:19.269

-Establecer un servizo de recepción de queixas de danos que sexa operacionalmente asequible e sinxelo de feito que non supoña un atranco na comunicación afectado-Consellería.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/09/2018 11:19:11

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2018 11:19:16

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2018 11:19:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 11:21
Nº Rexistro: 36824
Data envío: 14/09/2018 11:21:19.269

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2018 11:19:21

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2018 11:19:23

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2018 11:19:24

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez, Cristina Isabel Romero Fernández, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos:

A seguridade viaria para os peregrinos e as peregrinas que transitan por calquera dos Camiños de Santiago en Galicia é un dos piares da acción de goberno da Xunta de Galicia.

Así quedou constatado no Plan director 2015-2020 e, en cumprimento dese mandato, a Axencia Turismo de Galicia en colaboración con outros departamentos da administración autonómica así como coas administracións locais e estatal, está impulsando diferentes medidas na rede de estradas de Galicia para mellorar a seguridade viaria das persoas que se dirixen a Santiago de Compostela percorrendo as rutas xacobeas.

Este ano 2018, seguindo co establecido no Plan director do Camiño de Santiago, se está desenvolvendo unha actuación integral no Camiño Portugués a Santiago, tanto no ramal do interior como da costa, que inclúe a mellora de determinados tramos para a maior seguridade viaria e accesibilidade.

Entre estas actuacións están, por exemplo, a redacción do proxecto de trazado e construción e impacto ambiental da estada de conexión PO 531-N-550 (Variante da Alba) longamente demandada así como a construción dunha senda na actual PO-225.

Asemade, está previsto que desde a Administración central se actúe nun tramo da N-551 na intersección da N-550 e a Ponte Internacional de Tui así como a súa iluminación e adecuación ao seu valor patrimonial e cultural.

Deste xeito, ademais da mellora da seguridade viaria dos peregrinos, a intervención debería recuperar a imaxe da entrada a Galicia/España desde Portugal pola Ponte Internacional de Tui, poñendo en valor un recurso senlleiro da zona.

As actuacións na Ponte Internacional de Tui deberán ser deseñadas tendo en conta o seu alto valor patrimonial e cultural e recuperando aspectos funcionais como a mellora da iluminación.

A pretensión de todas estas actuacións é preparar as sendas do Camiño de Santiago cara á celebración do Xacobeo 2021, polo que a celeridade na redacción e execución dos proxectos resulta necesaria xa que estamos encarando a recta final deste longo período sen Anos Santos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Ministerio de Fomento co fin de solicitarlle que inicie o antes posible a redacción do proxecto de mellora da seguridade viaria e accesibilidade do tramo da N-551 na intersección da N-550 e a Ponte Internacional de Tui, así como a adecuación da Ponte ao seu valor patrimonial e cultural”.

Santiago de Compostela 14 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/09/2018 11:31:09

Moisés Rodríguez Pérez na data 14/09/2018 11:31:20

Maria Antón Vilasánchez na data 14/09/2018 11:31:31

Cristina Isabel Romero Fernández na data 14/09/2018 11:31:41

Marta Novoa Iglesias na data 14/09/2018 11:31:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Sandra Vázquez Dominguez na data 14/09/2018 11:32:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/09/2018 11:32:14



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do xabaril supón un grave problema en moitas zonas do rural galego, en cultivos e para a seguridade de tráfico, nomeadamente nalgúñas comarcas que ano tras ano ven como non cesan os efectos que produce a súa poboación.

O que se ten feito ata o de agora vennos demostrar que resulta claramente insuficiente, resulta pouco ambicioso e non procura aplicar diferentes métodos ou a combinación de múltiples opcións. Resulta necesario avanzar cara unha xestión diferente, que supere o modelo que se está aplicando.

Anunciaron e falaron de plans e de estratexias de acción, máis a súa aplicación e desenvolvemento resulta descoñecida. Neste ámbito estanse a dar importantes carencias de xestión para o diagnóstico e manexo da especie.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

Faise necesario contar cun “Plan de xestión do xabaril e estratexia de accións de control da súa poboación por comarcas” que teña en conta, partindo da súa particular bioloxía e dinámica poboacional:

--- O seu mapa de estimación de densidades por comarcas,

--- A determinación de zonas de risco

--- A querenza por determinados lugares

--- Un mapa de danos.

---Taxas de recuperación demográfica tras accións de caza.

---Outras múltiples variables a integrar nun sistema de información xeográfica co que despois coñecer e deseñar, para cada área ou comarca singularizada, accións concretas e combinando, batidas con outros métodos de control e de sometemento da súa poboación.

O xabaril está a experimentar, nas últimas décadas, unha explosión demográfica para un proceso, que semella, común en boa parte do territorio de Europa. A especie, pola súa bioloxía, se por algo destaca é pola súa grande capacidade de adaptación véndose beneficiada pola forte transformación dos usos do monte e polo seu abandono.

Cando o grupo atopa condicións propicias pode criar con éxito, incluídas as femias que teñen menos dun ano de idade, cando xa superen os 30 kg de peso, sendo tan prolíficas que por parto sacan unha media de catro crías, aínda que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

estas taxas aumentan cando máis comida teñan. Esta estratexia de natalidade, sorprendentemente, pode verse beneficiada por unha intensificación da caza, nun fenómeno de “compensación de natalidade ecolóxica”: a maior mortalidade, increméntase a súa reprodución. Os expertos apuntan que isto pode estar a suceder co xabarl, xa que a intensificación cinexética facilita o acceso a reprodución dun maior número de femias máis novas.

Esta alta capacidade reprodutiva xunto co fenómeno da “compensación de natalidade ecolóxica”, favorecido polas condicións propicias que agora deparan os nosos montes, axuda a recuperar, en moi curtos períodos de tempo, poboacións que se pensaban case anuladas ou moi reducidas pola acción de caza e isto xera unha situación envolvente sen fin, co que se estaría a explicar que o número de xabarís non baixa a pesar de tanta caza.

Segundo os expertos as batidas por si solas non permiten reducir o problema, apuntando que o que se vén facendo supón un auténtico disparate e detonante doutros graves problemas ambientais sobre a fauna do territorio. Durante varios anos sucesivos levan aumentando o número de autorizacións de batidas, e cada vez prolongando máis os períodos para realizalas. Así entre os anos 2011 e 2015 lévase cazando unha media de case 15 mil xabarís anuais, diminuíndo moi levemente no período 2015-2016. Un número que triplica a situación de fai unha década.

Esta situación de desmedida presión cinexética ademais apunta outros problemas graves: pode estarse a dar unha relación de causa-efecto co aumento dos accidentes de tráfico, pois vemos que os números de accidentes con xabarís



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

xa veñen a ser, segundo apunta a DGT, dunha media de 10 por día. No 2016 houbo 3.500, para un ano con máis de 20.000 batidas, e que a maioría dos mesmos prodúcense os domingos entre as sete da tarde e da medianoite, días nos que se practican máis accións de caza. .

Por todo isto consideramos que a situación do xabaril na Galiza a efectos de xestión pode considerarse nestes momentos anárquica e sen un rumbo certo, e que ata o de agora fíxose pouco na posta en marcha de instrumentos de diagnóstico real a partir do que establecer criterios de xestión lóxicos e sustentados sobre un coñecemento técnico científico. Resulta sorprendente que, a pesar do que está acontecendo con esta especie, que semella descontrolada nalgunhas comarcas galegas, a Administración non sexa quen de establecer e dispor de datos reais sobre a súa poboación, densidades por comarcas, estrutura das súas poboacións (ratio femias-machos, idades...), en xeral, de información ecolóxica básica a partir da que deseñar estratexias para frear a súa expansión dunha maneira lóxica, respectuosa co resto da fauna, e incluso con criterios éticos que poñan freo a unha inxustificable e infrutuosa medida coma é declarar a súa caza total todo o ano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

- Proceder de inmediato á revisión de toda a súa política e estratexia de acción fronte ao xabarín e inicie o procedemento necesario para realizar unha valoración rigorosa e de diagnóstico das poboacións de xabarín por comarcas na Galiza.

- Elaborar un “Plan de xestión do xabarín e estratexia de accións para controlar a súa poboación por comarcas”.

- Poñer e optimizar nesta loita os recursos dos que dispón a Xunta, técnicos e oficinas comarcais, na atención e resposta rápida de quen padece os danos, e no seguimento da boa execución e aplicación do Plan que se demanda.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36831
Data envío: 14/09/2018 12:26:06.727

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2018 12:22:18

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2018 12:22:23

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2018 12:22:25

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2018 12:22:26

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2018 12:22:28

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2018 12:22:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:01
Nº Rexistro: 36839
Data envío: 14/09/2018 13:01:44.837

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre vía verde Pontevedra-Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 3 de outubro de 2017, a comisión de Ordenación Territorial, Obras e Medio Ambiente do Parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposta para reconverter en vía verde os treitos en desuso da vía férrea entre Pontevedra e Vigo.

O contido do acordo aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno a:

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento a reconversión en vía verde para uso peonil e ciclista dos treitos da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade e entre Chapela e Vigo, actualmente en desuso.
2. Colaborar cos concellos de Pontevedra, Soutomaior, Vilaboa, Redondela e Vigo, e coa Deputación de Pontevedra, na redacción dun proxecto construtivo e no estudo dunha estrutura administrativa para a xestión e conservación desta vía que discorre polos concellos citados.»

2. Transcorrido case un ano desde a aprobación do acordo, producíronse avances no caso do treito Chapela Vigo, o que permitirá transformar máis de cinco km da antiga vía férrea nunha senda para uso peonil e ciclista.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:01
Nº Rexistro: 36839
Data envío: 14/09/2018 13:01:44.837

No caso do treito entre Pontevedra e Arcade, malia o acordo parlamentario e as demandas dos plenos dos concellos de Pontevedra, Vilaboa e Soutomaior, ADIF manifestou a súa negativa á desafección do uso ferroviario do treito de vía entre Figueirido e Arcade, que supostamente podería ser utilizado no futuro para o transporte de mercadorías.

A realidade é que este treito leva máis de 6 anos sen uso e presenta un estado de absoluto abandono, invadido pola maleza e convertido en depósito de todo tipo de verteduras.

3. Para o BNG é fundamental a potenciación de formas de mobilidade sustentábel, saudábel e segura mediante iniciativas como a desta vía verde, unha proposta con indubidábeis beneficios sociais, ambientais e de atracción turística. No caso do traxecto Pontevedra-Vigo cómpre ter en conta que a senda discorre por espazos de grande valor cultural, ambiental e paisaxístico como a enseada de San Simón, a desembocadura do río Verdugo, as Salinas do Ulló, o espazo natural do río de Tomeza, etc.

4. O goberno galego debe liderar este tipo de iniciativas, que se deben inserir nunha estratexia integral a prol da mobilidade sustentábel. Entre as tarefas pendentes cabe sinalar o estudo de alternativas para darlle continuidade á vía verde alí onde non hai vía férrea en desuso (Chapela-Arcade e Figueirido-Pontevedra), a elaboración dun anteproxecto construtivo ou a creación dunha estrutura administrativa para a xestión dunha vía que discorre por cinco concellos e nos que habería estruturas de certa complexidade como a antiga ponte metálica sobre o río Verdugo ou o túnel de Figueirido.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:01
Nº Rexistro: 36839
Data envío: 14/09/2018 13:01:44.837

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a convocar unha Mesa pola vía verde Pontevedra-Vigo co obxecto de impulsar a construción dunha senda peonil e ciclista entre as dúas cidades, demandando a ADIF a desafección dos treitos de vía férrea en desuso e estudando alternativas para o resto do trazado. Esta Mesa estará integrada pola Xunta de Galiza, Ministerio de Fomento-ADIF, Deputación de Pontevedra, concellos de Pontevedra, Vilaboa, Soutomaior, Redondela e Vigo, e polas entidades veciñais, sociais e de fomento da bicicleta que promoven esta infraestrutura.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:01
Nº Rexistro: 36839
Data envío: 14/09/2018 13:01:44.837

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2018 12:59:45

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2018 12:59:51

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2018 12:59:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2018 12:59:54

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2018 12:59:55

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2018 12:59:58

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Na serra de O Farelo, no Concello de Antas de Ulla, localízase un dos conxuntos de petróglifos máis interesantes de Galicia con formas xeométricas e figuras de cruz semellantes á forma dun ser humano. Moitas destas creacións fixéronse ao longo de milenios, centrándose sobre todo entre ó 3.500 a.C e ó 2.000 a. C, destacando non só polo seu número senón tamén pola densidade nun mesmo espazo. Entre eles atópase o petróglifo máis grande de Galicia.

Recentemente, veciños da zona e membros do Instituto de Estudos Ulloáns, criticaron que se están a realizar as obras de construción dunha granxa avícola cerca deste xacemento de O Farelo, invadindo o espazo arqueolóxico catalogado. Segundo puideron comprobar, as obras sitúanse a 75 metros do primeiro petróglifo cando a lei marca que non se pode construír nunha franxa de 200 metros arredor do xacemento. E os probables accesos á obra invadirán aínda máis o perímetro de protección.

Dende o Concello afirman que deron licencia para a obra porque previamente a Consellería de Cultura dera a súa autorización, o que non parece crible por canto estearíase a cometer unha ilegalidade.

É obriga de todos protexer o noso patrimonio cultural e máis aínda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que ten que poñer todos os medios para garantir esta protección.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a investigar a construción dunha granxa avícola na contorna do xacemento de petróglifos da Serra de O Farelo en Antas de Ulla para saber se se axusta ás condicións legais, e a

 Grupo Parlamentario

poñer todos os medios posibles para protexer este importante xacemento de
petróglicos.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 14:07:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/09/2018 14:07:39

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 14/09/2018 14:07:48

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística no ano 2011 na Confraría de Noia había 417 permisos de marisqueo, dende entón o dato foi diminuindo ata que no ano 2017 unicamente existían 367 Permex. As maiores prexudicadas desta redución son as mulleres, que viron como ano tras ano foron minguando a súa representación, ata acadar no ano 2017 as 314, fronte ás 411.

O pasado dez de setembro comezaba a campaña marisqueira en Noia, tanto a flote como a pé, non obstante, 52 persoas non puideron participar nela debido a que o proceso de concesión non estaba resolto. O malestar é evidente e precísase axilizar canto antes o trámite para que as persoas afectadas se poidan incorporar canto antes á actividade, pero sobre todo é necesario aclarar que cuestións motivaron este atraso para evitar que no futuro volvan a producirse.

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a resolver á maior brevidade, xa que a campaña empezou o día 10 de setembro, os novos permisos de marisqueo da Confraría de Noia, para evitar o atraso na incorporación á actividade e a repercusión económica negativa que ten para as persoas afectadas.

Pazo d Parlamento, 14 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 14/09/2018 17:46:21

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2018 17:46:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 17:46:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 10:44
Nº Rexistro: 36862
Data envío: 17/09/2018 10:44:30.385

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Miño non ten actualmente ningún centro de día público aberto, ao igual que carece deste equipamento público toda a comarca das Mariñas que non conta tampouco con ningún xeriátrico público en ningún dos concellos da comarca.

Con fondos do Plan E foi habilitado un local para centro de día na Regueira, en Miño, que custou no ano 2009, 428.000 euros para a reforma do edificio e 52.000 euros na compra de equipamento. O edificio que se habilitou para este fin é o pazo que a Fundación Rita Ramos posúe na Regueira, un inmovible que a Igrexa cedeu de forma parcial por un período de 50 anos xunto coa leira anexa, segundo se recolle nun convenio asinado en xaneiro de 2009. O Concello destinou ademais fondos de varios talleres de emprego subvencionados pola Xunta a habilitar a primeira fase do denominado Parque das Idades.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 10:44
Nº Rexistro: 36862
Data envío: 17/09/2018 10:44:30.385

En innumerábeis ocasións a Xunta anunciou en diferentes campañas electorais a inminente apertura deste Centro de día que o certo é que a día de hoxe segue pechado.

No ano 2011 en plena campaña das municipais, o PP anunciou por primeira vez a apertura deste centro de día, anuncio que se repetiu no 2015, xusto antes dunhas novas eleccións municipais. Nese momento a consellería de Benestar comprometía 30 prazas e 330 mil euros anuais para o mantemento. Este gasto non chegou nunca a ter reflexo nos orzamentos da Xunta a pesar das emendas que dende o BNG vimos presentando nos últimos anos.

En decembro do pasado ano 2017, o concello de Miño anunciou publicamente que estaba efectuando reformas neste edificio por requirimento da Xunta para proceder a abrir o centro de día, cun retraso xa naquel momento de 8 anos. Neste anuncio o goberno local, do que fai parte o PP, afirmaba que “o proxecto, que ofrecerá quince prazas, está avanzado porque hai ata empresa adxudicataria do servizo e estaba ata recolleita unha partida económica nos orzamentos municipais deste ano para o seu mantemento, xa que se estima que o prezo do servizo serán 7.500 euros ao ano que sufragarán, entre a Xunta, o Concello e os usuarios”. Aseguraban naquel momento que o centro de día estaría aberto no primeiro trimestre deste ano.

Estamos no mes de setembro encarando xa o remate do ano e o centro de día de Miño continúa pechado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 10:44
Nº Rexistro: 36862
Data envío: 17/09/2018 10:44:30.385

Por todo o anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a tomar as medidas orzamentarias necesarias para que o centro de día público de Miño sexa unha realidade na maior brevidade.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 10:40:32



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 10:44
Nº Rexistro: 36862
Data envío: 17/09/2018 10:44:30.385

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 10:40:38

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 10:40:40

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 10:40:42

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 10:40:43

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 10:40:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 11:29
Nº Rexistro: 36868
Data envío: 17/09/2018 11:29:51.105

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Diario Oficial de Galiza do pasado 13 de xullo de 2017 publicaba a Resolución do 23 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, da fábrica de electricidade da Ponte Nova sita na parroquia de Betanzos, no concello do mesmo nome.

Dita disposición remarcaba o valor deste edificio industrial modernista asegurando que *“Desde o punto de vista da relevancia cultural, este ben considérase que o seu compoñente de autenticidade se ve reflectida principalmente polo feito de que esta fábrica de electricidade é testemuño significativo da introdución da electricidade en Galicia, xa que foi unha das primeiras instalacións deste tipo que se implantaron nas cidades galegas e das que apenas quedan exemplos. Así mesmo, a calidade do deseño, tanto do primeiro volume coma do engadido da fábrica de electricidade, fai que esteamos ante unha obra significativa da primeira arquitectura industrial galega, avalada pola suposta autoría dun dos arquitectos máis representativos da arquitectura galega dos primeiros anos do século XX: Rafael González Villar. A singularidade deste ben vese reforzada polo lugar no que se situou, que ocupou unha xunqueira na beira da ría de Betanzos, a carón da Ponte Nova de acceso á cidade medieval. Porén, a integridade do ben está seriamente ameazada polo seu estado de abandono, polo que se deberían adoptar medidas oportunas para garantir a súa conservación, comezando pola súa protección”*.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 11:29
Nº Rexistro: 36868
Data envío: 17/09/2018 11:29:51.105

Concluía ordenando “a anotación preventiva no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e aplicar, de forma provisional, o réxime de protección previsto para os bens catalogados mentres se tramite o expediente, que se deberá resolver no prazo máximo de dezoito meses a partir da data desta resolución. Tras transcorrer ese prazo sen que se emitise resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento”.

Describe o inmovible como un “primeiro volume da fábrica de electricidade que se constrúe no ano 1895 e o segundo na década de 1910. A finais do século XIX, tamén se construíu o serradoiro, porén, segundo as fotografías antigas, este ocupaba unha posición máis próxima ao anterior edificio, descoñecéndose a data de construción do actual, como tamén se descoñece a data dos outros edificios auxiliares”.

Por este motivo, dispón para el “nivel de protección integral, que garanta a conservación de todos os seus elementos”.

O 4 de maio de 2017 a propietaria do inmovible, General de Edificios y Solares, S.L., filial do grupo Naturgy- antiga Gas Natural Fenosa- solicita licenza de demolición do inmovible. O Concello denégaa o 28 de setembro En virtude desta Resolución e a empresa recorre ante a orde contencioso-administrativa a denegación.

Con posterioridade, en virtude desa mesma disposición xeral, o Concello dicta unha orde de execución, dando un prazo de dous meses finalmente ampliado a 4, á propiedade para asegurar diversos elementos e garantir a conservación do edificio. Tras pedir ampliar o prazo, que se concede, a empresa non executa os traballos.

En agosto, o Concello recibe nova notificación de recurso contencioso-administrativo, nesta ocasión atacando a propia orde de execución. En paralelo, a empresa remite ao Concello o 28 de xuño de 2018 solicitude de declaración de ruína técnica do edificio, insistindo nos argumentos expostos nos recursos e alegacións precedentes, contra a conservación do edificio modernista.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 11:29
Nº Rexistro: 36868
Data envío: 17/09/2018 11:29:51.105

No expediente municipal tramitado ao efecto despréndese que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta o asunto, recabando a súa autorización para proceder á declaración de ruína da factoría construída pola familia de Xohán Vicente Viqueira e ampliada por Rafael González Villar para Industrias Núñez nos anos 20 en clara estética modernista, configurando un edificio singular e único de cantos se dedicaron a esta actividade no país.

Por canto antecede, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

- Denegar a declaración de ruína da betanceira Fábrica da Luz.
- Adoptar cantas medidas sexan precisas para garantir a conservación deste elemento industrial.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 11:29
Nº Rexistro: 36868
Data envío: 17/09/2018 11:29:51.105

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 11:20:43

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 11:20:47

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 11:20:48

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 11:20:49

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 11:20:51

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 11:20:52

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Nestes últimos anos, a veciñanza dos concellos ourensáns de Ribadavia, Arnoia e Melón, leva soportando frecuentes cortes de subministro eléctrico. A pesares de que a maioría deles son de curta duración, no mes de febreiro este corte prolongouse durante máis tempo, e o pasado día 8 de setembro (durante a celebración das festas patronais de Ribadavia) a súa duración foi de aproximadamente 8 horas, dende as 17:50 ata ás 01.50 h. Feitos que constatan as malas condicións nas que se atopa a rede, e que a tardanza en reparar esta liña, indica que non hai equipos suficientes para repoñer a subministración.

Tendo en conta que a interrupción temporal da subministración de enerxía eléctrica supón un incumprimento por parte da empresa subministradora tanto das disposicións legais que regulan a actividade que realiza a compañía, como das obrigacións contractuais que asumiron cos particulares, no que a continuidade do servizo é un dos elementos que integran o adecuado cumprimento do mesmo, a veciñanza comezou unha campaña de recollida de sinaturas no portal de internet change.org, solicitando á Xunta de Galicia que abra expediente sancionador por falta de dilixencia ao non cumprir a empresa coa súa obrigación, así como que se impulse a mellora da liña eléctrica dende Castrelo de Miño ao pobo de Francelos, e os concellos de Arnoia e Melón, co obxectivo de evitar máis cortes.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Exercer con efectividade as súas competencias en materia de consumo, de protección das persoas consumidoras, e de vixilancia e control da distribución e transporte de enerxía, para esixir a solución dos problemas de subministración eléctrica que afectan aos concellos de Ribadavia, Arnoia e Melón.
2. Realizar unha inspección/auditoría sobre como se está a realizar a subministración eléctrica nas zonas afectadas, detectando e instando as empresas a corrixir de inmediato, e con carácter estrutural, as causas reais da falla no subministro enerxético que sofren as persoas usuarias.
3. Desenvolver, a través do Instituto Galego de Consumo, unha campaña informativa entre os veciños e veciñas das zonas afectadas sobre os seus dereitos como consumidores/as, así como da posibilidade de que dispoñen para acudir ao amparo do Sistema Arbitral de Consumo.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2018 12:39:54

Raúl Fernández Fernández na data 17/09/2018 12:40:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/09/2018 12:40:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/09/2018 12:40:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2018 12:40:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como resposta ás denuncias de diferentes colectivos e ante a evidencia dos fallos estruturais do sistema galego de emerxencias, a Xunta de Galiza anunciou en diferentes ocasións mudanzas no mapa e na xestión das emerxencias no territorio galego.

Entre as cuestión que a xuízo do BNG cómpre estudar e resolver están as seguintes:

- Mellora da cobertura territorial mediante un sistema de isócronas que atenda as zonas de sombra.
- Comarcalización dos parques urbanos.
- Reformulación da función dos GES.
- Definición das función do Voluntariado de Protección Civil.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 36919
Data envío: 17/09/2018 13:30:44.171

- Modernización e mellora do CAE 112.
- Mellorar a coordinación e a cooperación dos servizos que actúan nas emerxencias.
- Desenvolvemento normativo e cumprimento da lei de emerxencias do ano 2007, nomeadamente no tocante á Disposición Adicional 3ª
- Desenvolvemento do PLATERGA no referido a Plans de Información, Protección e Autoprotección da poboación.

O obxectivo final destas mudanzas debe ser a configuración dun verdadeiro sistema integrado de emerxencias de carácter público (con homologación profesional e salarial), coordinado e con mando único operativo, con cobertura eficaz de toda a poboación e todo o territorio, e integral (que integre todas as emerxencias).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Avanzar na configuración dun sistema integrado de emerxencias de carácter público (con homologación profesional e salarial), coordinado e con mando único operativo, e que integre todas as emerxencias.

2. Impulsar as seguintes actuacións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 36919
Data envío: 17/09/2018 13:30:44.171

- Revisión do mapa de emerxencias para mellorar a cobertura territorial mediante un sistema de isócronas.
- Comarcalización dos parques urbanos.
- Reformulación da función dos GES.
- Definición das función do Voluntariado de Protección Civil.
- Modernización tecnolóxica e mellora dos medios humanos e materiais e das condicións de traballo do CAE 112.
- Desenvolvemento normativo e cumprimento da lei de emerxencias do ano 2007, nomeadamente no tocante á Disposición Adicional 3ª: Regulamento do bombeiro profesional e homoxeneización das prestacións e das condicións de traballo en todo o territorio dos servizos de incendios e de salvamento.
- Desenvolvemento do PLATERGA no referido a Plans de Información, Protección e Autoprotección da poboación.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 36919
Data envío: 17/09/2018 13:30:44.171

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 13:26:37

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 13:26:41

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 13:26:43

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 13:26:44

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 13:26:45

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 13:26:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión Europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira. Por desgraza, estamos xa á espera de que a dita sanción se faga efectiva.

A Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño) atópase saturada no seu funcionamento. A pesares de ser anunciada inicialmente para dar servizo a unha poboación de algo máis de 30.000 habitantes, o seu funcionamento actual atende a unha poboación de algo menos de 20.000 pero dá problemas constantemente por unha cuestión de cantidade. Un dos problemas que contribúe a isto é a non separación de augas residuais e pluviais, o que ocasiona obturacións e colapsos dos mecanismos da EDAR. Os informes de Augas de Galicia así o indican e alertan constantemente do estado límite da depuradora.

A estación depuradora, ademais, atópase próxima a unha zona considerada de especial conservación (ZEC), como é a ensenada de Os Pasales.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non entanto, o concello limítrofe de Sanxenxo continúa na súa insistencia de conectar a esta depuradora o Polígono industrial de Nantes, o que provocaría o imposible funcionamento da EDAR de Dena. Dende a Xunta de Galicia non se rexeita esta intención, e véñense infraestimando os informes de Augas de Galicia, mantendo a incerteza sobre a conexión de dito polígono á EDAR, o que causaría un problema medioambiental grave, por non poder ser tratadas axeitadamente as augas que chegaran á estación, coas consecuencias que tería xa de inicio sobre Os Pasales e, ademais, sobre o estado global do entorno afectando aos propios Concellos de Meaño e Sanxenxo.

Este gran problema aínda se pode incrementar máis se as noticias son certas. O alcalde de Sanxenxo, o popular Telmo Martín, anunciou que o polígono de Nantes comezará a ter actividade industrial no mes de outubro, chegando a afirmar que está resolta a cuestión da conexión coa EDAR de Dena posto que Augas de Galicia ten autorizado a dita conexión. Resulta sorprendente que o alcalde dun concello poida anunciar decisións que corresponderían ao Goberno galego e que involucran a outros concellos (o de Meaño, neste caso), como a suposta resolución da conexión do polígono coa EDAR.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Concello de Meaño a iniciar, á maior brevidade as obras necesarias para desdobrar as canalizacións de augas pluviais e residuais que chegan á Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño).
2. Atender aos informes técnicos de Augas de Galicia no que corresponda á conexión da EDAR de Dena co polígono industrial de Nantes (Sanxenxo), e remitir, antes de decembro de 2018, estes informes aos grupos parlamentarios e aos grupos políticos representados nos concellos de Meaño e Sanxenxo.

 Grupo Parlamentario

3. Traballar noutras solucións para a canalización e depuración de augas do polígono de Nantes, que non pasen por facelo a través da saturada EDAR de Dena.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2018 16:15:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2018 16:15:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2018 16:15:12

María Luisa Pierres López na data 17/09/2018 16:15:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2018 16:15:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36964
Data envío: 17/09/2018 17:31:31.357

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto ten un longo historial de incumprimentos, atrasos e enganos. No ano 2006 os gobernos español e portugués incluíron o proxecto no plan conxunto de actuacións e fixaron a entrada en funcionamento do servizo no ano 2013. Coa escusa da crise estas previsións foron adiadas e precisamente nese ano 2013 adoptáronse algunhas decisións –sobre todo as supresión de 11 paradas- que permitiron reducir o tempo da viaxe desde as 3 horas ás 2 h e cuarto.

A pesar das melloras introducidas, a conexión ferroviaria Vigo-Porto ten aínda grandes carencias: tempo de duración da viaxe, limitación de horarios e frecuencias, inseguridade do trazado, trens anticuados...

2. Ao longo deste período de tempo fóronse anunciando sucesivamente os anos 2013, 2015 e 2017 (unha historia repetida noutros proxectos) para a posta en funcionamento da modernización da liña, que debe ter como obxectivo final



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36964
Data envío: 17/09/2018 17:31:31.357

comunicar Vigo e Porto en aproximadamente 75 minutos. Pero a realidade é que unha infraestrutura que é vital e estratéxica para a vertebración da área xeográfica segue acumulando dilacións, atrasos e trasacordos.

3. O xoves 26 de xaneiro de 2017 tivo lugar en Vigo o foro “Vertebración ferroviaria da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal”, organizado pola CEG e o Eixo Atlántico. Neste encontro, o secretario de Estado de Infraestruturas do goberno portugués, Guilherme D’Oliveira, anunciou as obras de modernización e electrificación da liña do Miño entre Porto e Valença cun investimento previsto de 83,2 millóns de euros nos 93 km que ten a liña. A previsión de remate das obras era daquela finais de 2019.

4. O compromiso do actual goberno portugués pola modernización da vía contrasta coa ausencia de iniciativa do goberno español e o silencio cómplice da Xunta de Galiza. Malia os acordos acadados na cimeira ibérica de Baiona en xuño de 2015, a realidade é que o goberno do Estado non impulsou ningunha actuación nin proxecto para modernizar o trazado e a liña que comunica Vigo coa fronteira portuguesa, cunha distancia de aproximadamente 30 km.

Proxectos como a saída sur de Vigo, a solución ao paso da liña férrea polo centro do Porriño, a supresión de pasos a nivel e o remate da electrificación da vía seguen gardados nalgún caixón do Ministerio de Fomento. No caso do proxecto da saída sur, que permitiría darlle continuidade ao trazado do eixo atlántico cara a Portugal pasando por Vigo, está paralizado polo Ministerio de Fomento desde o ano 2007.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36964
Data envío: 17/09/2018 17:31:31.357

Por outra parte, o Ministerio de Fomento adxudicou en 2011 á empresa Proyectos y Servicios a redacción do proxecto construtivo da plataforma do treito O Porriño-fronteira portuguesa do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Desde aquela non volveu haber novas da imprescindíbel mellora desta vía, que estaba incluída no Plan estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT) e formaba parte do proxecto prioritario número 19 da Rede Transeuropea de Transportes. Un dos obxectivos desta actuación

6. Ante esta situación, a Xunta de Galiza debe romper a actitude de silencio e complicidade cos sucesivos atrasos desta infraestrutura.

En consecuencia co anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición no de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dirixirse ao goberno español para:

1. Declarar prioritaria a modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto, aprobando as partidas orzamentarias necesarias para levar a cabo a continuación do Eixo Atlántico de Alta Velocidade ata a fronteira portuguesa.

2. Impulsar a aprobación do proxecto da saída sur de Vigo e a súa construción.

3. Estudar e aprobar unha alternativa ao paso da vía férrea polo centro da vila do Porriño.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36964
Data envío: 17/09/2018 17:31:31.357

A Xunta de Galicia no Decreto 55/2018 non recolle ningunha axuda específica para a reposición nin valoración dos vehículos afectados durante a explosión, inda que si que recolle que as axudas previstas no decreto se aplicarán á



reparación dos danos orixinados pola mesma no ámbito territorial do concello de Tui.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Peritar os vehículos a motor danados ou destruídos conforme ao custo efectivo de reposición;
2. Aboar a diferenza entre o valor asumido polas aseguradoras dos vehículos e o valor efectivo de reposición;
3. Dirixirse ao Estado para acadar un reparto equitativo dos gastos derivados da asunción destes custos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 10:50:51

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 10:50:59

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 10:51:07



Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 10:51:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 10:51:19

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 10:51:23

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 10:51:26

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 10:51:28

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 10:51:36

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 10:51:40

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 10:51:43

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 10:51:47

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 10:51:52

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 10:51:55

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

O prazo de solicitudes das axudas remata no mes de setembro e para axilizar todo o procedemento a Xunta de Galicia, nun proceso destas características, no que unha boa parte sufriu danos persoais e materiais, debería asumir a reconstrución do lugar nun contexto de axuda as persoas afectadas e axilización de todos os temas burocráticos e en coordinación coas outras administracións implicadas e coa colaboración de todos os axentes implicados.



A colaboración interadministrativa e a coordinación baixo un mando único de toda a reconstrución da zona arrasada é unha cuestión esencial que incide na axilización dos procedementos, con garantía de interese público e debido as circunstancias urxentes e excepcionais nas que se produciu a explosión desta pirotecnia ilegal.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1.- Instar, de xeito urxente, unha colaboración entre as CATRO administracións implicadas (autonómica, provincial, local e estatal) na consecución dunha reconstrución modélica da zona afectada pola explosión da pirotécnica.

2.- Colaborar e garantir, mediante a colaboración interadministrativa urxente, os seguintes obxectivos:

- a. Reurbanizar integralmente e mellorar a dotación dos servizos urbanísticos dos subministros de auga, sumidoiros, camiños públicos, alumeadado, sinalización, etc.
- b. Asesorar ambiental e urbanisticamente na reconstrución das vivendas e mellora da habitabilidade e eficiencia enerxética das mesmas.
- c. Garantir a intervención dos servizos sociais para solucionar os procesos de mobilidade, verificar o acollemento das persoas orfas e a súa situación, sempre baixo o principio de interese superior do menor, e a inclusión social da veciñanza con reparto e distribución das axudas equitativo.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 11:13:26

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 11:13:36

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 11:13:43

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 11:13:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 11:13:55

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 11:13:59

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 11:14:02

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 11:14:06

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 11:14:14

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 11:14:17

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 11:14:21

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 11:14:24

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 11:14:28

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 11:14:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

A xente de Paramos viu como as súas casas desaparecían nunha explosión que deixou a zona arrasada cualificada como unha zona similar á da guerra. As casas máis próximas desapareceron entre os cascallos, e outras xa máis lonxe quedaron inservibles e só cabe que a poboación agarde a demolición e desentullo para a reconstrución posterior.



A zona segue igual que o día do accidente, e o principal agora é desentullar. Estas labores que deberan estar xa en marcha estanse a demorar sendo inaceptable a lentitude das administracións implicadas, que non contan cun plan de reconstrución integral para Paramos. 30 persoas da veciñanza inda non puideron volver ás súas casas.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O parlamento de Galicia Insta a Xunta a:

1. O encargo das labores de desentullo á empresa pública TRAGSA coa maior axilidade que permita o ordenamento xurídico.
- 2.- A adxudicación da obra coas seguintes particularidades:
 - a. Rescate dos efectos persoais e con valor sentimental,
 - b. Garantir que ese rescate se produza nun contexto de seguridade e saúde no traballo e para as persoas afectadas,
 - c. Aproveitar na reconstrución os materiais nobres servíbles, tales como cachotes de pedra, vigas, e outros elementos que cumpran cos requisitos técnicos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 11:22:34

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 11:22:41

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 11:22:47

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 11:26:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 11:26:42

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 11:26:45

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 11:26:48

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 11:26:52

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 11:26:59

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 11:27:02

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 11:27:06

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 11:27:10

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 11:27:13

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 11:27:16



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Páramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

A xente de Páramos viu como as súas casas desaparecían nunha explosión que deixou a zona arrasada cualificada como unha zona similar á da guerra. As casas máis próximas desapareceron entre os cascallos e outras, xa máis lonxe, quedaron inservibles e só cabe que a poboación agarde a demolición e desentullo para a reconstrución posterior.



Tampouco considera a Xunta importante que os aforros de toda unha vida, invertidos nestas casas xa non se podan recuperar.

As propostas foron insuficientes para a reconstrución das casas, no concepto amplo das mesmas: casas, que non pisos, con terreos anexos, con alpendres, galpóns e outras construcións anexas desapareceron, deixando sen nada ás persoas titulares das mesmas.

Así a Xunta recolleu no Decreto 55/2018, no artigo 7, que as axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico, tanto residencias habituais e permanentes e instalacións complementarias como nas vivendas residenciais que non sexan permanentes e habituais e nas súas instalacións complementarias, se a mesma estivese en ruína, a axuda sería dun máximo de limitación do 75% do prezo dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade no caso das vivendas habituais e do 40% do 75% do prezo dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade, mesmo se con estas contías non se cobre o custo real efectivo da vivenda.

Estas axudas son insuficientes, ademais de establecer diferencias inxustas entre as persoas titulares, posto que non son responsables do acontecido e, polo tanto, non deben aboar cantidade ningunha para volver ter unha casa coma a que xa tiñan.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, sobre a necesidade de modificación da proposta recollida no Decreto 55/2018 sobre as axudas destinadas aos danos materiais en bes inmoables e enxoval doméstico:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta a modificar o artigo 7 do Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, cunha cobertura do 100% do valor de reposición demostrado:

- a) Nas vivendas permanentes e habituais e instalacións complementarias
- b) Nas vivendas non habituais e instalacións complementarias

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 10:41:20

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 10:41:29

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 10:41:39

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 10:41:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 10:41:53

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 10:41:57

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 10:42:01



Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 10:42:05

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 10:42:16

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 10:42:20

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 10:42:23

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 10:42:26

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 10:42:29

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 10:42:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos, Tui, urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urxente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

O prazo de solicitudes das axudas remata no mes de setembro e para axilizar todo o procedemento a Xunta de Galicia, nun proceso destas características, no que unha boa parte sufriu danos persoais e materiais, debería asumir a reconstrución do lugar nun contexto de axuda as persoas afectadas e axilización de todos os temas burocráticos e en coordinación coas outras administracións implicadas e coa colaboración de todos os axentes implicados.



Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

- 1.- Asumir todos os custos da reconstrución do lugar, subrogándose despois na posición de lexitimada para exercer a acción directa fronte ás aseguradoras.
- 2.- Dotar a oficina de reclamacións dos seguintes recursos persoais:
 - I. Gabinete de asesoramento técnico, coa presenza de persoal arquitecto/a ou arquitecta técnica(s)/o(s) que adianten traballo e dean ordes executivas na neutralización de riscos para as persoas e para os bens.
 - II. Gabinete de asesoramento xurídico para asesoramento en aspectos legais das intervencións a realizar tales como reconstrución dos títulos de propiedade e outros dereitos, así como licenzas, etc. e no seu caso a expedición dos mesmos, en notaría, concellos (IBI e impostos sobre recollida de residuos urbanos, catastro para acreditación da titularidade dos bens, etc...)
- 3.- Tramitar de xeito simultáneo todas as axudas para a reconstrución integral con reposición de elementos: fiestras , tellados, iluminación, illantes, etc.
- 4.- Crear unha bolsa voluntaria de empresas colaboradoras, de diferentes oficios, para facilitar ás persoas afectadas o encargo das reparacións.
- 5.- Axilizar os trámites en materia de licenzas, autorizacións, para o comezo das obras de rehabilitación e reconstrución, coa dotación dos recursos humanos necesarios na garantía do cumprimento estrito dos prazos.



6.- Xestionar de xeito conxunto e integral a tramitación no subministro de servizos e bens de consumo. A Xunta realizará a xestión marco para realizar a suspensión temporal ou baixa dos servizos nas seguintes áreas, en especial:

- a. Baixa de todos aqueles servizos públicos e exención do pago dos mesmos unha vez que pasan pola oficina de reclamación (IBI, lixo, e outros análogos)
- b. Baixa nas áreas privadas nas que se dispense a individualización da xustificación (auga, luz, teléfono, gas, internet,...).

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 11:02:27

Carmen Santos Queiruga na data 19/09/2018 11:02:41

Antón Sánchez García na data 19/09/2018 11:02:52

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2018 11:03:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 11:03:04

Eva Solla Fernández na data 19/09/2018 11:03:07



Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 11:03:10

Paula Quinteiro Araújo na data 19/09/2018 11:03:14

Flora María Miranda Pena na data 19/09/2018 11:03:28

José Manuel Lago Peñas na data 19/09/2018 11:03:31

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2018 11:03:34

David Rodríguez Estévez na data 19/09/2018 11:03:38

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2018 11:03:41

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/09/2018 11:03:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:12
Nº Rexistro: 37080
Data envío: 19/09/2018 12:12:34.748

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galiza ao Goberno español en materia ferroviaria para mellorar as comunicacións no sur de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de setembro presentouse publicamente en Monforte a Plataforma en defensa do ferrocarril público na comarca de Lemos, unha plataforma ampla e diversa composta por distintas organizacións, entidades, asociacións e persoas a título individual cuxo obxectivo é a defensa do ferrocarril público na comarca de Lemos.

Desde esta entidade denuncian que o ferrocarril supuxo historicamente para a vila de Monforte un motor de desenvolvemento económico e social moi importante desde a súa chegada a finais do século XIX. Porén, nas últimas décadas o progresivo desmantelamento dos servizos, os recortes de persoal, a falta de mantemento das infraestruturas e o material rodante... converteron o que noutroza fora un factor fundamental para o desenvolvemento social e económico da comarca, nun medio de transporte cada vez menos competitivo.

A realidade que atinxe a comarca de Lemos non é exclusiva senón que se repite e moitas localidades e comarcas do país, especialmente na provincia de Lugo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:12
Nº Rexistro: 37080
Data envío: 19/09/2018 12:12:34.748

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos defendido en moitas ocasións o papel fundamental do tren na vertebración social e territorial de Galiza así como no seu desenvolvemento económico, razón pola temos reclamado, dentro e fóra do Parlamento de Galiza, medidas concretas e investimentos suficientes para modernizar o sistema ferroviario interior do noso país e a súa conexión con Portugal e a Meseta. E continuamos a facelo.

Por todo o exposto, presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao Goberno español para demandar:

1. O aumento das frecuencias e servizos da liña Lugo-Monforte-Ourense-Vigo adecuándoos ás necesidades da poboación e unha maior vertebración social e territorial de Galiza a través de maiores conexións entre as liñas do interior e o Eixo atlántico.

2. A fixación dunha conexión Monforte-Ourense ás 7:15 horas que enlace co Avant 09480 das 7:55h, así como unha ligazón co último Avant 09201 con saída de Compostela ás 20:30h e chegada a Ourense ás 21:08h.

3. A negociación dun Plan de melloras, debidamente orzamentado, que inclúa entre outras medidas: a impermeabilización da liña e a supresión dos pasos a nivel dentro do centro urbano de Monforte; actuacións nas instalacións para mellorar a seguranza das persoas viaxeiras e a accesibilidade das mesmas así como a mellora do trazado para permitir maiores velocidades comerciais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:12
Nº Rexistro: 37080
Data envío: 19/09/2018 12:12:34.748

4. O impulso do tren de mercadorías e a utilización real e efectiva do Porto Seco de Monforte nó.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2018 12:06:50

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2018 12:06:54

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2018 12:06:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2018 12:06:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:12
Nº Rexistro: 37080
Data envío: 19/09/2018 12:12:34.748

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2018 12:06:59

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2018 12:07:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:25
Nº Rexistro: 37085
Data envío: 19/09/2018 12:25:43.942

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o cobro por parte da Catedral de Santiago de Compostela para visitar o Pórtico da Gloria a partir do mes de novembro de 2018 e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir a súa gratuidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O responsábel da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, informou publicamente o 11 de setembro de 2018 que a Catedral de Santiago de Compostela comezará a cobrar entrada por visitar o Pórtico da Gloria a partir do mes de novembro.

Sen aclarar cal será o prezo definitivo, Lorenzo avanzou que será semellante ao custe actual da visita das cubertas, 12 euros por persoa, e argumentou a decisión asegurando que as visitas “só se poden manter” se existe “un retorno económico” pois “do contrario estamos restaurando para perdelo”.

Cómpre lembrar que a restauración do Pórtico da Gloria, que permitiu a recuperación da policromía, foi financiada con fondos públicos da Xunta de Galiza e do Ministerio de Cultura, alén do mecenado da Fundación Barrié como principal contribuínte.

Non son os únicos fondos públicos que recibe e recibiu a Fundación Catedral para acometer actuacións de restauración, conservación e mantemento do templo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:25
Nº Rexistro: 37085
Data envío: 19/09/2018 12:25:43.942

Cómpre lembrar o convenio asinado en setembro de 2015 entre a Xunta, o Cabildo e a Fundación por valor de 17 millóns de euros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver as medidas oportunas para garantir a gratuidade das visitas ao Pórtico da Gloria, cando menos ás galegas e galegos. De non ser posíbel, que o Goberno reclame á Catedral a devolución dos investimentos públicos realizados na restauración da obra do Mestre Mateo.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 12:25
Nº Rexistro: 37085
Data envío: 19/09/2018 12:25:43.942

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2018 12:24:08

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2018 12:24:13

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2018 12:24:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2018 12:24:16

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2018 12:24:17

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2018 12:24:18

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Os emigrantes retornados de Venezuela atópanse na actualidade nunha situación complicada economicamente, xa que teñen recoñecida unha pensión polo Goberno venezolano, pero non se lles está facendo efectivo o seu abono dende decembro do 2015. Esta suspensión de ingresos está a xerar episodios de profunda necesidade para algúns destes afectados.

Segundo os datos que se manexan, son case 4.000 as persoas procedentes de Venezuela, residentes en Galicia, que perciben prestación con cargo ao Convenio Bilateral de Seguridade Social entre España e Venezuela. Se contabilizamos as que residen en toda España son máis de 9.000 persoas.

Na Gaceta Oficial Nº 41.446 da República Bolivariana de Venezuela, de data 25 de xullo de 2018, foi publicado o Decreto Nº 3.548 da Presidencia da República, polo que

se establece que a partir do 20 de agosto de 2018 se reexpresa a unidade do sistema monetario da República Bolivariana de Venezuela. Segundo esta disposición, a nova moeda, chamada bolívar soberano, é equivalente a 100.000 bolívares.

Con anterioridade, o Convenio Cambiario Nº 39 establecía un sistema de cambio único para todo o sector público e privado ó tipo de cambio de flotación DICOM, o que supuxo a eliminación do tipo cambiario protexido DIPRO.

Na actualidade estamos, polo tanto, nun novo escenario no que o tipo de cambio DICOM está (a data da redacción desta PNL) a 60 bolívares soberanos cada dólar (52,43 euros), e a contía dunha pensión de xubilación en Venezuela é de 1.800 bolívares soberanos, é dicir, uns 34 euros.

Neste contexto existe un dereito á percepción do complemento de mínimos ou a prestacións non contributivas, segundo se cotizaran ou non no Estado español.

Con esta nova realidade, aplicando o tipo de cambio oficial da nova moeda da República Bolivariana, a pensión de xubilación sería duns 34 euros mensuais, cantidade claramente insuficiente para posibilitar uns ingresos mínimos que permitan vivir nunhas condicións dignas.

O Grupo Parlamentario Popular, diante desta situación, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ó Goberno do Estado que tome as medidas oportunas para solucionar a situación que están a vivir todos os emigrantes retornados de Venezuela, que teñen recoñecida unha pensión polo Goberno venezolano pero que non se lles está facendo efectiva dende hai case 3 anos, mediante a concesión do complemento de mínimos ou a prestación non contributiva que lles puidese corresponder por parte do Estado español”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 13:13:34

Raquel Arias Rodríguez na data 19/09/2018 13:13:43

César Manuel Fernández Gil na data 19/09/2018 13:13:50

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 13:13:53

María Isabel Novo Fariña na data 19/09/2018 13:14:08

Antonio Mouriño Villar na data 19/09/2018 13:14:15

Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 13:14:23

Paula Prado Del Río na data 19/09/2018 13:14:36

María Julia Rodríguez Barreira na data 19/09/2018 13:14:44

María Guadalupe Murillo Solís na data 19/09/2018 13:14:54

Moisés Blanco Paradelo na data 19/09/2018 13:15:00

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Durante o Goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero modificouse, mediante a Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, o artigo 75 e suprimíuse o artigo 190, ambos da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

Desta forma, os cambios lexislativos introduciron o réxime vixente, que se aplica ás eleccións ás Cámaras das Cortes Xerais, ás das asembleas das Comunidades Autónomas e ás do Parlamento Europeo para electores inscritos no CERA, que pasou a ser o coñecido como sistema de voto rogado, tal e como acontecía no sistema establecido ata o ano 2011 para exercer o dereito a voto nas eleccións municipais.

Neste sistema de voto rogado adquire una vital importancia para o seu bo funcionamento, por un lado, a actuación da Administración Exterior española, e por outro, sigue dependendo dos servizos postais dos países de residencia. A experiencia dende a súa implantación é que se trata de un proceso ineficiente ademais de que impide, de facto, exercer o dereito a voto de miles de españois residentes no exterior.

Dende as primeiras eleccións xerais nas que se aplicou este sistema en 2011, ata os últimos comicios xerais celebrados o 26 de xuño de 2016, a caída da participación dos electores foi moi significativa, poñendo de manifesto as importantes deficiencias do sistema de voto rogado.

Así, e segundo a información publicada pola Xunta Electoral Xeral nos comicios xerais de 2008, con 1.205.149 electores censados, chegaron a ser escrutados os votos do 31,88% dos electores do CERA. Pola contra, nas eleccións xerais de 2016, dos 1.924.087 electores inscritos no CERA, só o 8,78% conseguiron solicitar o voto en forma e prazo e só o 6,30% lograron exercer o seu dereito.

Sen dúbida, este sistema menoscaba de forma grave o dereito de sufraxio de todos os españois residentes no exterior, polo que o Partido Popular de Galicia ten manifestado de forma reiterada o seu compromiso a favor da reforma da LOREG, co obxecto de mellorar a participación electoral dos españois residentes no exterior.

Así foi manifestado, sen ir máis lonxe, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega e no que se recollía expresamente o compromiso de: “Seguir defendendo ante o Parlamento e o Goberno de España a necesidade da eliminación da solicitude de voto (ou voto rogado) na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e adoptar as medidas necesarias para equipar o procedemento e garantías no exercicio do voto dos españois residentes ausentes ao conxunto dos electores españois”.

Algúns dos puntos máis destacables que apostamos por reformar son:

- Eliminación da solicitude (rogo) do voto para os electores residentes no estranxeiro nos procesos electorais no Estado español nos que teñen dereito a participar.
- Explorar e combinar todas as posibilidades para mellorar a participación electoral, facendo efectivos todos os mecanismos que sexan precisos para o exercicio do dereito ó sufraxio coas mesmas garantías que teñen os cidadáns residentes en España.
- Simplificar o procedemento, estudando as distintas posibilidades que favorezan a eficiencia e a axilidade.

En definitiva, ante unha situación de tal inxustiza cos nosos concidadáns residentes no exterior promovida polo Goberno socialista do presidente Rodríguez Zapatero no ano 2011, só cabe unha nova reforma da LOREG na que se corrixa esta situación e se posibilite o exercicio real e efectivo do seu dereito a sufraxio.

O Grupo Parlamentario Popular, diante desta situación, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ó Goberno do Estado que modifique, con carácter de urxencia, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos artigos referidos ó exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade”.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 13:23:15

Raquel Arias Rodríguez na data 19/09/2018 13:23:24

César Manuel Fernández Gil na data 19/09/2018 13:23:32

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 13:23:35

María Isabel Novo Fariña na data 19/09/2018 13:23:52

Antonio Mouriño Villar na data 19/09/2018 13:24:01

Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 13:24:10

Paula Prado Del Río na data 19/09/2018 13:24:17

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/09/2018 13:24:26

María Guadalupe Murillo Solís na data 19/09/2018 13:24:33

Moisés Blanco Paradelo na data 19/09/2018 13:24:41



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todas e todos é ben coñecida a Historia da Fortaleza-pazo da Acrópole de Monterrei. É unha das máis grandes, significativas e mellor conservadas de Galicia. Consta no catálogo de Monumentos do patrimonio histórico de España.

Nel imprimiuse o primeiro Incunable de Galicia, O Misal Auriense de Monterrei (1494). Está considerada monumento Nacional, é BIC dende 1931, e goza da máxima protección. Fundado no século XII, o edificio converteuse en hotel debido a unha decisión da Xunta, desoíndo o rexeitamento do Consello da Cultura Galega, Usos do castelo de Monterrei. "Cremos que debe revisarse o destino para un uso hoteleiro dunha parte do actual edificio do Castelo dado que xa existe un edificio destinado a este uso a 400 metros do mesmo e que ten problemas de sostemento". Era unha das conclusións do informe de outubro de 2014. Ademais de cuestionar o proxecto hoteleiro defendido polo Goberno galego, pediu un "proceso de reflexión consensuado cos axentes implicados", entre eles a veciñanza do lugar.

Pertenceu á Casa de Aba, quen o cedeu ao Ministerio de Cultura para uso público. Pero o 28 de maio de 2015 o Castelo de Monterrei fíxose unha cesión gratuíta (pola Xunta de Galicia) a Paradores de Turismo S.A. por un tempo de 75



anos para a explotación hoteleira, entre as protestas das Plataforma de defensa do Castelo de Monterrei e outras entidades.

Nela investíronse moitos cartos públicos. Desde os anos 60, máis de catro millóns de euros. Desde os anos 90 máis de tres millóns e medio e moito máis xa entrados no século XXI. Moitos investimentos realizáronse grazas aos fondos FEDER que non se conceden precisamente para reformar as instalacións e despois deixar de ter un uso público.

A comezos deste ano 2018 o parador pechou as súas portas e comezaron as obras da calzada, que ten un importante valor patrimonial tamén e que conecta co propio Castelo. Pese ás demandas a propia empresa non concretou as causas, duración e motivos do peche do Castelo.

O TSXG considerou ilegais as obras e o Tribunal Supremo ratificou no mes de xuño deste ano unha sentenza precedente da Audiencia Nacional de 22 de febreiro de 2016 na que se estima que non houbo irregularidades. O recurso de casación interposto pola Plataforma para a defensa do Castelo de Monterrei centrou a motivación no desvío de poder da decisión do Goberno da Xunta de ampliar para fins turísticos as condicións de cesión do Castelo realizada polo Goberno central, que foi desestimada. A decisión do Supremo ratificou esta valoración da Audiencia Nacional e condenou aos recorrentes a pagar as costas, xa que non se acreditou que a actuación que se impugnaba, a ampliación perseguira unha finalidade diferente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a conservar o patrimonio da fortaleza do Castelo de Monterrei para xeracións futuras, permitindo o seu uso turístico, cultural, artístico e poñendo en valor o mesmo, garantindo e preservando a mesma, segundo o disposto na Lei de Patrimonio cultural de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2018 13:56:42

Luca Chao Pérez na data 19/09/2018 13:56:53

Luis Villares Naveira na data 19/09/2018 13:57:08

Á Mesa do Parlamento.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

O pasado ano, o Executivo español presidido por Mariano Rajoy anunciaba a posta en marcha dun Plan extraordinario de investimentos en estradas, o PIC. Un novo mecanismo de financiamento extraordinario co que se buscaba darlle un novo impulso ás infraestruturas viarias de España.

Segundo os cálculos do propio Goberno, o PIC suporía un investimento aproximado de 5.000 M€ e permitiría actuar sobre máis de 2.000 km de estradas en catro anos. Con esta iniciativa, o Executivo presidido por Mariano Rajoy buscaba completar os tramos pendentes da Rede Transeuropea de Transportes; adaptar as principais autovías existentes ás esixencias da nova normativa de sinistralidade, ruído e emisións; e garantir a conservación de todas as infraestruturas que se constrúen no marco desta iniciativa.

De acordo ás necesidades de priorización trasladadas polo Goberno da Xunta, no mes de abril deste mesmo ano o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, anunciaba a inclusión, neste Plan extraordinario de investimentos, da execución da autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño: unha infraestrutura estratéxica para a Comunidade ao conectar a cidade olívica coas autovías A-52 (Ourense-Madrid) e A-55 (á fronteira portuguesa). Unha autovía de novo trazado que virá ofrecer unha alternativa funcional á actual autovía (A-55), que soporta tráfico moi elevados e presenta un alto índice de sinistralidade.

Deste xeito, o Plan extraordinario de investimentos en estradas convertíase en garantía de execución, no medio prazo, dunha infraestrutura de case 10 quilómetros, cuxo trazado discorre na súa meirande parte en túnel, e cun elevado investimento, case 340 M€.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37154
Data envío: 19/09/2018 18:48:08.930

O pasado día 6 de setembro, o ministro de Fomento, o señor José Luis Ábalos Meco, interviña no *Fórum Europa*, organizado por *Nueva Economía Fórum*. No seu discurso, o ministro deslizaba dúbidas respecto ao Plan Extraordinario de Investimentos en Estradas, PIC, impulsado polo anterior Goberno do Estado presidido por Mariano Rajoy.

Neste grupo parlamentario preocupámonos as declaracións do ministro de Fomento, sementando dúbidas sobre a continuidade do Plan extraordinario de investimentos en estradas. E preocupámonos estas declaracións do Ministerio porque isto podería deixar en suspenso e aprazado *sine die* o impulso dunha infraestrutura fundamental para a competitividade de toda a comarca de Vigo e, sobre todo, esencial para o reforzo da seguridade viaria a través da construción dunha vía alternativa á actual A-55 que, como se ten dito, rexistra unha altísima sinistralidade.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Fomento que confirme o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto ou, no seu caso, pola vía orzamentaria, e que continúe cos trámites administrativos necesarios para a licitación das obras desta nova autovía no ano 2019”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 18:38:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Teresa Egerique Mosquera na data 19/09/2018 18:38:38

María Ángeles García Míguez na data 19/09/2018 18:38:49

Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 18:39:00

Moisés Rodríguez Pérez na data 19/09/2018 18:39:26

Martín Fernández Prado na data 19/09/2018 18:40:21

Jaime Castiñeira Broz na data 19/09/2018 18:40:42

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 18:40:52

Marta Novoa Iglesias na data 19/09/2018 18:41:14

María Julia Rodríguez Barreira na data 19/09/2018 18:41:33

Gonzalo Trenor López na data 19/09/2018 18:41:55

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/09/2018 18:42:09

Diego Calvo Pouso na data 19/09/2018 18:46:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Hai varios anos púxose en marcha desde a Xunta de Galicia o servizo de transporte público para persoas viaxeiras baixo a denominación do “*transporte a demanda*”, sendo a súa efectividade para Galicia moi baixa.

Se na normativa, obxectivos e literatura na planificación sobre o transporte regular de competencia autonómica, se establece unha aposta pola implantación de tales servizos a demanda, o certo é que os logros acadados son insignificantes.

Segundo a propia Xunta de Galicia, “*desde o 22 de decembro de 2017 ata finais de xullo de 2018, recibíronse 1.662 chamadas*”. Pero non dá a coñecer o dato realmente válido, que sería cantas desas chamadas tiveron a súa correspondencia cun servizo efectivamente prestado.

Aínda así, soamente o total de persoas viaxeiras sobre a base dos novos contratos realizados para o transporte regular en igual período (de sete meses) é da orde de 1.500.000 persoas, polo que os servizos de transporte a demanda representarían, incluso no caso de terse prestado todos os demandados, o 0,1 % soamente, unha porcentaxe insignificante.

O dato contrasta igualmente cos servizos de transporte á demanda levados a cabo noutras comunidades autónomas, nomeadamente en Castela – León, tamén cunha gran poboación no rural, onde foron máis de 51.000 as persoas beneficiarias destes servizos de transporte a demanda durante o ano 2017.

Os anuncios da Xunta de Galicia parecen pois corresponder máis a unha estratexia propagandística que á verdadeira prestación dun servizo eficaz; o certo é que existe unha auténtica desatención de moitas áreas territoriais o que supón

Grupo Parlamentario

que se deixa sen resposta e solución a auténtica mellora dos servizos de transporte de competencia autonómica en moitas das áreas territoriais galegas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar e levar efectivamente a cabo os servizos de transporte a demanda, co obxecto de garantir a mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas, rematando coa insignificancia que actualmente representan.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2018 11:43:30

María Luisa Pierres López na data 20/09/2018 11:43:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2018 11:43:45

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estevez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a exclusión do persoal do SPDCIF dos cursos que oferta a AGASP.

Exposición de motivos

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) oferta este ano diversas accións formativas:

O curso “Operacións de Extinción de Incendios Forestais” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182274>), cos obxectivos, segundo consta na web de preparar a intervención en incendios forestais, verificando o estado e operatividade dos medios materiais necesarios para o seu control e extinción e aplicar correctamente os protocolos de comunicación no seo dun operativo coordinado de intervención, organizar o traslado por terra do equipo a distintas localizacións de incendios forestais, situando os vehículos con seguridade e precisión e definindo as tarefas do equipo durante a intervención, segundo o plan de ataque definido, preparar o helitransporte ao lugar do incendio e traballo con medios aéreos, supervisando as manobras de embarque e desembarque dos recursos humanos e materiais e a aplicación dos protocolos de coordinación e comunicación no desenvolvemento da intervención cos devanditos medios e realizar a intervención operativa in situ en incendios forestais, coordinando a actuación do equipo de intervención e aplicando as técnicas de extinción definidas e valorando as necesidades derivadas da evolución do incendio.



O curso “Actuacións en sucesos por fenómenos naturais: vendavais, inundacións e riadas...”, (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182275>) cos obxectivos, segundo consta na web de realizar a preparación, posta en funcionamento e mantemento básico dos equipos e ferramentas empregados nas intervencións por fenómenos naturais, comprobar o seu correcto funcionamento e operatividade, segundo normas de seguridade, executar tarefas técnicas de apoio á poboación en situacións de risco para as persoas, os bens ou o medio, derivadas de tormentas torrenciais, avenidas ou outras derivadas do ámbito acuático descontrolado, cos medios ao seu alcance e os apoios externos apropiados, verificando o cumprimento das normas de seguridade aplicadas sobre persoas afectadas e intervincentes e intervir operativamente en estruturas colapsadas, parcialmente colapsadas ou con elementos en risco de caída, así como en afundimentos do terreo, avaliar os danos producidos e os riscos potenciais no transcurso da intervención, definindo os protocolos de intervención e seguridade e aplicar as técnicas de intervención con precisión.

O curso “Interface urbano Forestal” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182278>) cos contidos, segundo consta na web, relativos a nocións de comportamento do lume segundo Camphell, normas de seguridade e protocolo OCELA, comunicacións e posto de mando, prácticas de medio de extinción e liñas de defensa, prácticas de motobombas e de mantemento, rozadora e motoserras.

O curso “Achiques, rescate en ascensores e maquinarias, accesos, persoas con enfermidade mental e suicidas, rescate de animais e corte de subministracións” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182277>), cos obxectivos, segundo consta na web, de aplicar técnicas axeitadas para efectuar as operacións no menor tempo posible e coas maiores garantías de seguridade, realizar o rescate de persoas atrapadas en ascensores, elevadores e maquinarias pesadas, identificando as tipoloxías, as técnicas e os procedementos eficientes e



eficaces para a evacuación das persoas afectadas ou vítimas do suceso e intervir operativamente para a evacuación en emerxencia en instalacións de enerxía en edificios, vía pública ou ámbito interurbano, solicitando información sobre as características e medidas de seguridade da instalación, aplicando as técnicas e procedementos con seguridade e verificando a rehabilitación das condicións normais de funcionamento da instalación.

O curso “Rescates en medios de transporte e en medios acuáticos” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182273>) cos obxectivos, segundo consta na web, de efectuar operacións de rescate en accidentes de tráfico e outros medios de transporte, aplicando as técnicas e os procedementos de traballo adecuados para liberar ás persoas atrapadas en vehículos, evitando riscos para as vítimas e os intervincentes e realizar operacións de salvamento de persoas e rescate de obxectos para prevención de riscos no medio acuático, aplicando métodos de busca e técnicas de reflote e rescate.

O curso “Apeos, apuntalamientos e saneamentos” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182276>), cos obxectivos, segundo consta na web, de establecer a dotación humana e os medios técnicos necesarios para efectuar os distintos tipos de apuntalamientos, reforzo de emerxencias en edificacións, executar as operacións de apuntalamiento e reforzos de emerxencia, utilizando os elementos, útiles e ferramentas axeitados para cada caso, establecer a dotación humana e os medios técnicos necesarios para executar operacións de emerxencia ante lesións e colapsos na edificación: saneamento, limpeza, demolición, de elementos danados, desentullo e esteamento en edificios colapsados, executar as operacións de emerxencia ante lesións e colapsos na edificación, utilizando os elementos, útiles e ferramentas axeitadas para cada caso.

O curso “Operacións de salvamento en altura e en espazos confinados”, (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182272>. Máis información:

DOG 176 de 14 de setembro de 2018), cos obxectivos, segundo consta na web de realizar operacións de rescate e salvamento en altura, utilizando os materiais, as técnicas e as medidas de autoprotección adecuadas para salvar vidas, en diferentes tipos de sucesos e realizar operacións de rescate de persoas atrapadas en espazos confinados, aplicando as técnicas e procedementos, segundo zona de intervención e verificando as condicións de seguridade das persoas afectadas e intervenientes.

Nas citadas accións formativas, contémpanse como destinatarios específicos Bombeiros dos Parques Municipais, Bombeiros dos Parques de Consorcios, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) e servizos municipais de Protección Civil e Emerxencias.

Os bombeiros do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF), non se inclúen entre os destinatarios específicos destes cursos, o que amosa novamente o desprezo que a Xunta de Galicia mantén cara o persoal deste servizo en canto á formación se refire, excluíndoos, por razóns xa non só inexplicables e inxustas senón mesmo ilegais.

Aos bombeiros forestais do SPDCIF, pertencentes á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, correspóndenlles as seguintes unidades de competencia: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas e informar á poboación, executar operacións de extinción de incendios forestais, apoiar en continxencias no medio natural e rural e asistir como primeiro intervinente no caso de accidente nas emerxencias.

Toda esta familia profesional ten unha competencia xeral que é a de realizar labores de prevención, detección e extinción de incendios forestais, informar á poboación sobre os mesmos e apoiar continxencias no medio natural e rural.

Alén da familia profesional, estas competencias dos bombeiros forestais do SPDCIF, como servizo de emerxencias, recóllense tanto no V Convenio

colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (vixente actualmente), onde se reflicten no acordo de condicións especiais do SPDCIF, indicando que terá consideración de servizo preventivo, ademais de emerxencias, como na Lei de Protección Civil do estado (Lei 17/2015 do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil), onde indica que terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os Servizos Técnicos de Protección Civil e Emerxencias de tódalas Administracións Públicas, os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, e de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, as Forzas e Corpos de Seguridade, os Servizos de Atención Sanitaria de Emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade Militar de Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, os Técnicos Forestais e os Axentes Ambientais, os Servizos de Rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das Administracións Públicas teñan este fin.

Nesa mesma normativa establececese que os poderes públicos promoverán a formación e o desenvolvemento da competencia técnica do persoal do Sistema Nacional de Protección Civil, entre o que se inclúe ao SPDCIF.

A formación do persoal do SPDCIF inclúese tamén no PLADIGA, e recentemente, na Recomendación nº 94 do Ditame da Comisión de Estudo sobre os incendios forestais, aprobada en sede parlamentaria, na cal se recolle a realización dun plan de formación ordenado e acorde.

É dunha gran importancia a formación continua e a reciclaxe profesional do persoal do SPDCIF, con especial atención á problemática das multiemerxencias e os novos tipos de incendios, pois con elo garántese unha mellor eficacia e seguridade, tanto para o propio persoal como para a cidadanía en xeral, tal e



como recomenda a “Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá” no seu preámbulo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Modificar a Resolución do DOG para incluír tamén aos bombeiros forestais do SPDCIF como destinatarios destes cursos da AGASP.
2. Establecer un plan de formación, consensuado co servizo e acorde ás competencias, características, necesidades e demandas etc. do persoal do SPDCIF, en cumprimento do establecido na lexislación e do aprobado en sede parlamentar no ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e especialmente, a extraordinaria vaga de lumes que acaba de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/09/2018 12:52:11

Antón Sánchez García na data 20/09/2018 12:52:20

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 12:52:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37220
Data envío: 20/09/2018 13:36:13.482

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á protección da Serra do Galiñeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Serra do Galiñeiro esténdese dende o Macizo do Galiñeiro, entre os concellos de Vigo, Mos, O Porriño e Gondomar, seguindo unha dirección N-S cara ao Monte Aloia en Tui, con alturas que superan os 700 metros sobre o nivel do mar. Trátase dun macizo pétreo singular, de orixe granítico e orixinado polos intensos movementos continentais de hai 400 a 240 millóns de anos. Un verdadeiro paraíso rochoso e un emblema paisaxístico do Sur de Pontevedra, cunha silueta peculiar que o caracteriza, e que é visible desde moitos puntos da contorna a moitos quilómetros de distancia.

A cidadanía, amais de facer un uso responsábel da zona, entende e comparte a necesidade de conservación da Serra do Galiñeiro. Así, xa no ano 2010 multitude de colectivos sociais (veciñais, culturais, ecoloxistas, comunidades de montes, deportivos, etc.) adheríronse ao Manifesto pola defensa da Serra do Galiñeiro para preservar os seus valores paisaxísticos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais e ecolóxicos; opoñéndose expresamente ás explotacións industriais e non renovables, expresamente contra a construción do Parque Eólico, reclamando unha maior protección legal (dentro das categorías previstas na Lei de Conservación da Natureza) para este espazo, como pode ser a ampliación do Parque Natural do Monte Aloia a todo o cordal da Serra do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37220
Data envío: 20/09/2018 13:36:13.482

Galiñeiro. Medida esta que foi solicitada no seu momento pola Comunidade de Montes de Vincios e iniciado o seu estudo para tramitación no ano 2008, polo goberno da Xunta de Galiza.

Nesta mesma liña, os plenos municipais da maior parte dos concellos da bisbarra teñen aprobadas mocións en apoio da conservación e protección da Serra. Ademais, por parte do BNG presentamos en novembro de 2012 alegacións ante a xefatura territorial de Pontevedra da Consellaría de Economía e Industria contra da instalación dun parque eólico na Serra do Galiñeiro, así como esiximos mediante mocións nos concellos e iniciativas no Parlamento Galego, que se declarase área protexida e a súa incorporación ao Parque Natural do Aloia.

Con estes antecedentes é de lamentar que no mes de xullo deste ano, representantes dun grupo saudí (Alfanar Group) asociado coa empresa madrileña Capital Energy, mantiveran xuntanzas con algúns concellos da serra para ver de impulsar outra vez o proxecto do citado Parque Eólico.

Todo isto por mor dun Goberno da Xunta inoperante que non foi quen de dotar á Serra do Galiñeiro da protección legal demandada ao longo destes anos, a pesar que en 2013 anunciou a súa decisión de ampliar a súa protección como “espazo natural local” toda vez que descartaba a súa integración no Parque Natural do Monte Aloia, feito este que impediría o desenvolvemento de calquera proxecto deste tipo na serra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37220
Data envío: 20/09/2018 13:36:13.482

1.- Denegar a autorización administrativa de proxecto de execución de parque eólico e de declaración de utilidade pública, a fin preservar os valores e funcións económicas, ambientais e sociais da serra do Galiñeiro, por supoñer un impacto ambiental crítico sobre a paisaxe e o patrimonio natural e cultural deste ámbito, sendo totalmente contraditorio co establecido pola Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galiza e Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, Directiva Europea 92/43/CEE, Directiva Europea 79/409/CEE, Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de especies ameazadas e *Lei 7/2012 de montes de Galiza*.

2-Retomar a tramitación de área protexida para a Serra do Galiñeiro e a súa incorporación ao Parque Natural do Aloia.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37220
Data envío: 20/09/2018 13:36:13.482

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2018 12:17:27

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2018 12:17:33

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2018 12:17:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2018 12:17:36

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2018 12:17:38

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2018 12:17:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37226
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, outros territorios do Estado establecéronse plans e medidas que permitiron avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37226
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

Normalización do uso do galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios.

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado as función de dinamización e normalización.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a desenvolver un plan plurianual 2019-2022 de dinamización do uso do galego na administración da Xustiza que contemple obxectivos tanxíbeis e que teña como finalidade promover avances medíbeis nos seguintes ámbitos:

- Incremento do uso do galego tanto no ámbito oral como nas resolución, notificacións e en xeral nas comunicación escritas da administración de xustiza en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37226
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

- Dotación de todas as ferramentas tecnolóxicas e programas informáticos de xestión que faciliten o uso do galego como lingua oficial.
- Desevolvemento dun programa de capacitación lingüística de todo o persoal que traballa na administración de xustiza en Galiza.
- Potenciación dos equipos lingüísticos co incremento de medios humanos e materiais, respecto dos dereitos laborais e salariais, e fomento da súa función dinamizadora do uso da lingua galega.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2018 14:06:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37226
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2018 14:06:58

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2018 14:07:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2018 14:07:02

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2018 14:07:04

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2018 14:07:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Exposición de motivos

Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia fórmanse actrices, actores, escenógrafas/os, directoras/es de escena, dramaturgas/os e contribúe tamén á formación complementaria de traballadoras/es sociais e profesoras/es. Trátase dunha institución relevante para o ecosistema cultural e artístico de Galicia.

Por primeira vez na historia da ESADG desde a súa fundación en setembro de 2005, non comezaron o curso o 100% de profesorado e alumnado. Fixeron folga os días 17,18 e 19 de setembro.

O curso pasado, 2017/18, perderon 3 postos de profesoras/es. Este curso 2018/19, outros 3 postos de traballo. O 20% do claustro. Para este curso académico a dirección do centro reclamaba tres novas vacantes e a Consellería, tras o informe do funcionario da inspección educativa, non só non concedeu ningunha, senón que eliminou outras tres adxudicando só 34 interinidades, cando en 2014 chegou a contar con 42. Paradoxicamente esta decisión chegou nun momento no que, segundo os traballadores, se incrementou considerablemente o número de alumnado matriculado nos primeiros cursos.

A Comunidade educativa, profesorado e alumnado da ESADG, esixe:

- Non aos recortes reiterados de profesoras/es
- Equivalencia de condicións laborais acordes coa titulación (O Título Superior de Arte Dramática é equivalente ao Título Universitario de Grao)

A razón é que aínda que a ESADG expida un título equivalente ao Título Universitario de Grao, réxese pola normativa de Secundaria.

Nos estudos superiores, igual que na Universidade, as asignaturas organízanse por Créditos Académicos e dentro destes contémpnanse as Titorías Docentes, imprescindibles para o desenvolvemento óptimo dos exercicios e traballos prácticos propios das artes escénicas. No réxime de Secundaria non existen as Titorías Docentes, entón ao aplicar esa norma sobran profesoras/es.

As Escolas Superiores de Arte Dramática, os Conservatorios Superiores de Música e os de Danza, funcionan cunhas titulacións equivalentes, para todos os efectos ao Título Universitario de Grao, pero cunhas condicións organizativas e laborais que se rexen pola normativa de Educación Secundaria.

Aínda que o nivel de esixencia sexa equivalente ao universitario, o alumnado e o profesorado de música e artes escénicas están dentro dun réxime que lles impide desenvolver plenamente os obxectivos e competencias que lles son propios.

Cando saen de España, a súa Titulación Superior pode ser ou non ser convalidada fóra, porque a equivalencia ao Título Universitario de Grao só se dá no noso territorio, segundo a lei vixente. Unha chapuza en toda regra que perpetúa a discriminación e a marxinación cara ás artes escénicas e musicais.

A normativa de Secundaria resulta, como é lóxico, moi deficiente para que funcionen ben os estudos superiores equivalentes ao Título Universitario de Grao.

O teatro, a danza e a música, que son unha parte moi substantiva da cultura dun país, necesitan que haxa equivalencia nas condicións organizativas e laborais acordos coa titulación superior que se imparte neste centro. Así de sinxelo.

Pérdense postos de traballo precisamente porque non se atende a esa necesaria equivalencia. Estes estudos teñen a condición de estudos técnicos superiores, equiparables legalmente aos graos e posgraos, pero non integrados no sistema universitario. Unha simple *equiparación* que en moitos asuntos (bolsas, Erasmus, acceso a outros programas de estudo, dereitos do profesorado...) introduce diferenzas fundamentais.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ten competencias para resolver este grave desequilibrio, que vai en detrimento de alumnado e profesorado. Unha Escola Superior de Arte Dramática que queira cumprir cos obxectivos que lle son propios e aumentar en calidade non pode funcionar ao pé da letra como un Instituto de Secundaria. Este alumnado xa fixo o Bachillerato!

O artigo 58.7, da LOMCE, determina que as administracións educativas poderán adscribir centros de ensinanza artística superior mediante convenio coas universidades.

Polo anterior, preséntanse ás seguintes preguntas para a súa resposta oral en

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Establecer as Equivalencia nas condicións organizativas e laborais acordos coa titulación superior que se imparte neste centro.
- Adxudicar as vacantes solicitadas.



- Adscribir á ESADG á Universidade.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2018 14:26:43

Luca Chao Pérez na data 20/09/2018 14:26:50

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 14:26:56

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é *“Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establecéronse dez obxectivos medibles para a súa consecución, sendo o obxectivo 9º Implantar un paquete de medidas para acadar revitalizar demograficamente o noso territorio, achegándonos a 1,59 fillos por muller.

A propia Xunta de Galicia no Plan anual normativo presentado para este ano 2018 contempla a aprobación dun “Proxecto de lei de impulso demográfico” por parte da Consellería de Política Social.

Os últimos indicadores publicados polo Instituto Nacional de Estatística sobre natalidade e fecundidade para o ano 2017, colocan a Galicia nun -3,4 % na taxa anual de número de nacementos respecto do ano anterior, cunha taxa bruta de mortalidade dun 11,8 % (un incremento do 0,6 % respecto do ano anterior), e cun saldo vexetativo de -13.522 persoas, o que representa o peor dato de todas as CCAA.

Se miramos o indicador conxuntural de fecundidade o resultado tamén sitúa Galicia nun dos peores resultados, sendo a terceira empezando pola cola, cun 1,12 o número medio de fillos por muller.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1ª) Elabore un informe sobre os resultados acadados coa implantación do paquete de medidas para revitalizar demograficamente o noso territorio.

2ª) Incremente os fondos dedicados a fomento da empregabilidade.

4ª) Presente neste Parlamento, antes de que remate este ano, o proxecto de lei de impulso demográfico.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2018 17:32:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2018 17:32:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2018 17:33:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mércores 4 de xullo de 2018 Ourense en Común e PSdeG alertan de que Xunta quere converter a Casa da Xuventude nun centro de iniciativas empresariais. Levaron ao pleno municipal unha Moción conxunta para defender a súa identidade e autonomía.

A Moción presentada por PSdeG e Ourense en Común lembra que o Goberno de Jesús Vázquez "ten pendente dende hai tres anos dar cumprimento á Moción en defensa da Casa da Xuventude". En xullo de 2015 o pleno municipal de Ourense aprobou unha Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista para municipalizar a xestión do espazo e recuperar o Consello de Xestión como modelo de goberno do centro, unha Moción nunca aplicada polo Goberno municipal do PP.

Na mesma Moción salientase que *a súa disolución de facto supuxo a fin dun sistema único e pioneiro en toda España, a fin de décadas de historia e a fin da escola de prácticas para que a mocidade practicara labores directivas e de produción nas artes escénicas, deportivas, de ocio e tempo libre, etc. A mudanza no modelo de xestión, tornando a modelos máis verticais e menos participativos, provocaron a infrutilización dunhas instalacións noutrora cheas de vida.*



Dende os anos 70 a Casa da Xuventude "foi exemplo e símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación" e que "existen na cidade dependencias de titularidade autonómica que poderían prestar apoio e asistencia a emprendedores, sen modificar os usos da Casa da Xuventude nin frustrar a súa necesaria autonomía".

Quere desmantelar definitivamente o PP un símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación? Son xa varias xeracións de mozos e mozas ourensás as que pasaron pola Casa da Xuventude, un espazo no que se desenvolveron actividades de impacto en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove ou a Bienal de Caricatura.

Millán Brea quen presentou a súa tese de doutoramento centrada na Casa, salienta: "A Casa era un exercicio de liberdade, un fervedoiro de actividades, un espazo de socialización e de transformación social no día a día. Había moita política dentro, pero a política entendida como participación".

Tamén destaca: "A Casa da Xuventude está na base do que despois foi a Asociación Cultural Auriense, que a día de hoxe é un referente. Unha compañía de teatro da importancia de Sarabela tivo na Casa un grande apoio nos seus inicios. Manuel Precedo, hoxe presidente do Cineclub de la cidade, tamén pasou pola Casa da Xuventude. Todo o mundo da banda deseñada en Ourense, David Rubín, o Outono Fotográfico..., a importancia da Casa da Xuventude é clara".

O 29 de xullo de 2018 anúnciase a desaparición do Outono Fotográfico, despois de 35 anos. Falamos do máis importante festival fotográfico de Galicia, un dos máis lonxeiros da Península e o segundo de Europa, despois de Arles. A mostra creceu ano a ano e converteuse nun referente en toda Galicia, traspasando as fronteiras da cidade, con exposicións en 30 urbes e vilas de todo o país, e tamén



en Barcelona, Chaves ou Porto. A de 2010 foi a derradeira edición dirixida por Benito Losada, tomando o relevo nos anos seguintes Xosé Lois Vázquez ou Vítor Nieves

No ano 2014 botou a andar a Plataforma en Defensa da Casa da Xuventude de Ourense, formada por usuarios e usuarias a título individual, por representantes de colexios profesionais, colectivos ecoloxistas, sindicatos estudantís e por formacións políticas. Nacía para reivindicar o valor de varias décadas de bo funcionamento dunha entidade que dende os anos setenta foi un motor para a cultura e o asociacionismo xuvenil na cidade, ademais dun exemplo de co-xestión a cargo dos propios usuarios e usuarias. E tamén para denunciar a xestión desenvolvida polo Goberno galego.

Ante esta situación, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Reactivar o Consello de Xestión,
- Resituar servizos que se instalaron no edificio, coma o *Punto de Encontro Familiar* que lle resta espazo ao centro xuvenil.
- Reducir a excesiva burocratización e precarización.
- Recuperar o espazo como referente estatal e modelo de co-xestión tendo en conta o legado de gran magnitude de Benito Losada.
- Convocar a todas as asociacións culturais e xuvenís que existen en Ourense, volver a abrírlles as portas a entidades que traballaron coa Casa durante moitos anos.
- Poñerlle o nome de Benito Losada ao espazo.



- E, sobre todo, recuperar a liberdade e a democracia que sempre definiron a este proxecto”.
- Favorecer o desenvolvemento cultural e social, mellorando as competencias de mozos e mozas en eidos que non se aprenden na escola con actividades como:
 - a) Xornadas de Banda Deseñada,
 - b) O Outono Fotográfico,
 - c) Maio Xove
 - c) A Bienal de Caricatura
 - d) Torneo internacional de xadrez
 - e) Desbloquear a actividade da Casa da Xuventude, hoxe chamada *Espazo Xove*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2018 18:20:46



Luca Chao Pérez na data 20/09/2018 18:20:56

Luis Villares Naveira na data 20/09/2018 18:21:05

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727